

ASUNTO PLE/2021/00012566C

ACTA NÚM. 8 - SESIÓN ORDINARIA 25 DE MARZO DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10 horas** do día **25 de marzo de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro

Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)

Dona María Milagros Castro Sánchez

Don Gonzalo Muíños Sánchez

Dona Marta Abal Rodríguez

Don José Manuel Pichel Patiño

Don José Javier Fernández Martínez

Dona María Esther Pedrosa Carrete

Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias

Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)

Dona María Angeles Antón Vilasánchez

Don José Antonio Constenla Ramos

Don Evaristo Ben Otero

Don Ramón de Jesús Quiroga Limia

Dona Beatriz Cigarrán Vicente

Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey

Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)

Don Jorge Carlos Duarte Vázquez

Dona María Rozas Pérez

Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)

Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.**
- 2. Aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM en execución de sentenzas anulatorias do polígono 11. Castiñeiriño.**
- 3. Aprobación definitiva da modificación puntual do artigo 21 (ordenanza 4B) da normativa do plan parcial de ordenación do SUP-6. Santa Marta.**
- 4. Aprobación inicial do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a execución do plan de accesibilidade e seguranza viaria nos pasos de peóns.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a rehabilitación das ruínas da Caramoniña.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a regulación do aparcadoiro municipal da praza Marcial Villamor Varela, colindante coa rúa do Olvido.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para colaborar nas melloras de seguridade sanitaria e viaria no CEIP López Ferreiro.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para que a construción dun novo equipamento dotacional para cidade, sede do Imelga, se realice con consenso veciñal.**
- 10. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.**
- 11. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Interpelación:

Presentada polo BNG, sobre o ensino público.

Rogos:

Presentado polo BNG sobre o vertedoiro en Altiboia.
Presentado polo BNG sobre a seguranza viaria en Castrón Douro.
Presentado polo BNG sobre a creación de liña de subvencións.
Presentado por CA actuacións no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.
Presentado por CA sobre contratación directa de grupos musicais locais.
Presentado por CA sobre a seguridade de traballadoras do servizo de axuda no fogar.
Presentado polo PP para implantar puntos limpos de recollida de residuos.
Presentado polo PP sobre pagamento con "VIA T" aparcadoiros e zonas Ora.

Preguntas resposta oral:

Presentada polo BNG sobre o uso da Casa das Máquinas.
Presentada polo BNG sobre o convenio colectivo dos/as traballadores/as de TUSSA.

Presentada por CA sobre os usos de instalacións deportivas.
Presentada polo BNG sobre construción centro IMELGA.
Presentada por CA sobre o pago axudas en programas de igualdade.
Presentada polo PP sobre a selección do director da banda de música.
Presentada polo PP sobre apoio á candidatura cidade creativa da Unesco.
Presentada polo PP sobre pancartas no espazo público.
Presentada por CA sobre o pacto local pola mobilidade.

Preguntas resposta escrita:

Presentada polo BNG sobre a situación da contorna de pistas polideportivas.
Presentada polo PP sobre o Colexio dos Irlandeses-Pazo de Ramirás.

12. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada polo BNG para impulsar os usos culturais coa recuperación da Sala Iago.
- 2.- Presentada polo BNG para a dotación de xulgados de violencia de xénero e familia en Santiago de Compostela.
- 3.- Presentada por CA para que se garanta o exercicio do dereito á información para función de fiscalización e control do goberno por parte dos grupos da oposición.
- 4.- Presentada polo BNG para a axilización das licenzas para a instalación de internet no rural compostelán.
- 5.- Presentada por CA para que se elabore un plan municipal de accesibilidade que recolla as demandas dos colectivos de mulleres e discapacidade.
- 6.- Presentada por CA para que se establezan os pertinentes mecanismos de diálogo coas e cos traballadores da empresa municipal TUSSA e a súa representación sindical.
- 7.- Presentada polo PP para levar a cabo distintas melloras no CEIP de Roxos.

Antes de entrar a tratar os asuntos da presente sesión, gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero e da Covid.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións:

Don Xosé Palacio Peruleiro, en relación á proposición e pregunta oral dos grupos municipais de CA e do BNG, sobre a construción do centro IMELGA en Fontiñas.
Dona Marta Pazo Maside, sobre o Regulamento Municipal de Persoas Maiores.
Dona María de la Fuente, sobre proposición presentada polo grupo municipal do PP, sobre o CEIP López Ferreiro.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade, as actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria do día 28 de xaneiro de 2021 (acta núm. 2)
- Extraordinaria do día 30 de xaneiro de 2021 (acta núm. 3)
- Extraordinaria urxente do día 12 de febreiro de 2021 (acta núm. 4)
- Ordinaria do día 25 de febreiro de 2021 (acta núm. 5).

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM EN EXECUCIÓN DE SENTENZAS ANULATORIAS DO POLÍGONO 11. CASTIÑEIRIÑO.

O informe proposta de data 15 de marzo do corrente ano, emitido pola xefa de sección de xestión urbanística e concelleira delegada da área, e que ven co conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“1. Xustificación e alcance da modificación

A modificación formúlase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión, co fin de dar cumprimento ás sentenzas ditadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos procedementos PO 4752/2007 e 4738/2008 -este último en fase de execución (EJD 4042/2016)- interpostos contra o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

As sentenzas anularon parcialmente as determinacións do vixente PXOM no que atinxe á inclusión de concretas parcelas no ámbito do polígono de solo urbano non consolidado P-11 (Castiñeiriño), declarando que as parcelas afectadas tiñan que recibir a consideración de solo urbano consolidado.

Se ben as sentenzas se refiren só a concretas parcelas identificadas nas respectivas demandas, a anulación obrigou a revisar a delimitación do polígono 11 e analizar as distintas alternativas de ordenación, non só das parcelas afectadas pola sentenzas, senón tamén dos terreos restantes incluídos no polígono e mesmo do seu contorno, co fin de asegurar a necesaria coherencia e integración da ordenación resultante.

Para este fin, no Documento ambiental estratéxico (DAE) elaborado en xullo de 2018 foron analizadas e avaliadas as distintas alternativas de ordenación, concluíndose a inviabilidade de manter o polígono 11.

En consecuencia, a presente Modificación ten por obxecto:

- Eliminar a delimitación do polígono de solo urbano non consolidado nº 11, cuxa ordenación singular se inclúe no artigo 150.
- Categorizar os terreos afectados como solo urbano consolidado, e definir a súa cualificación e ordenación detallada nos termos esixidos polo artigo 53.b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia (LSG) e concordantes do seu Regulamento.

Complementariamente, analízase a ordenación vixente no contorno máis inmediato do polígono, propoñendo concretos axustes de aliñacións ou incorporando as novas previsións de uso na reserva dotacional do SUNP-14.

En consecuencia, o ámbito territorial da Modificación inclúe non só o ámbito do polígono 11, senón que se estende cara ao norte e cara o oeste, diferenciándose tres subámbitos de actuación, todos eles situados na marxe oeste da rúa do Castiñeiriño.

- Zona norte, situada entre a rúa de Monte do Seixo e o edificio do Corte Inglés: Inclúe parcelas reguladas polo planeamento do SUNP-17, e terreos de solo urbano suxeitos á aplicación das ordenanzas 10A e 3A. Neste ámbito incorpórase o itinerario peonil que comunica a rúa de Monte do Seixo coa rúa situada ao sur do Corte Inglés, e reflíctense as aliñacións resultantes da Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUNP-17, aprobada definitivamente o 28.11.2002.

- Zona central, delimitada ao norte pola rúa de Monte do Seixo, e ao sur polas rúas Agustín Sixto Seco e Josefa Iglesias Vilarelle: Axústanse as aliñacións para recoller, na medida do posible, as edificacións existentes; propónse un itinerario peonil que conecta as rúas Monte do Seixo e Agustín Sixto Seco a través da reserva dotacional RE-SUNP-14.

- Zona sur, coincidente co antigo polígono 11 do PXOM. As parcelas afectadas quedan suxeitas ás ordenanzas de solo urbano 3 e 11, indicándose en planos a altura, liñas de edificación, e aliñacións da nova edificación. Os terreos situados fóra da aliñación deberán cederse ao Concello cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente (artigo 30.a) do RLSG). As edificacións existentes poderán manterse consonte ao disposto no Título X do PXOM

A Modificación propón reaxustar a conexión viaria prevista no PXOM para enlazar o SUNP-14 coa rúa do Castiñeiriño, mantendo a sección xa executada (rúa de Josefa Iglesias Vilarelle), e prevendo a súa regularización cando se edifique a parcela *7656101NH3457F0001KB (rúa do Castiñeiriño, nº 10)*. Supón tamén a desafectación dunha pequena porción do terreo hoxe ocupado pola beiravía existente, de xeito que os propietarios poderán instar do Concello a reversión de parte do terreo expropiado (que formou parte parcela 56 do proxecto de expropiación do SUNP-14), como requisito previo á edificación da parcela.

2. Avaliación ambiental estratéxica

Por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de data 22.11.2018 emitíuse o preceptivo Informe ambiental estratéxico (IAE) -publicado no Diario Oficial de Galicia o 15.01.2019- polo que se resolve non someter a modificación ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

Durante o trámite de consultas previas emitiron informe favorable as Direccións Xerais de Mobilidade, Ordenación Forestal, Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, así como o Instituto de Estudos do Territorio relativo á paisaxe.

Así mesmo emitiu informe a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, cuxas observacións foron integradas no documento de tramitación.

3. Incidencia no sistema de dotacións do PXOM

No documento analízanse os efectos da modificación proposta en canto á dotación de sistemas xerais e locais previstos no PXOM vixente, concluíndose:

- Respecto dos sistemas locais, a supresión da zona libre ZL-183 non altera o equilibrio de dotacións, toda vez que se seguen a cumprir os estándares legais no conxunto do solo urbano non consolidado do distrito, segundo esixe o artigo 65.6 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia.

- Respecto dos sistemas xerais, a peza do sistema xeral PU-20 (parque urbano das Hortas) orixinalmente adscrita ao polígono 11, pasou a quedar adscrita ao polígono 22 a resultas da *Modificación puntual do PXOM e do PE-8 no ámbito do equipamento universitario EU-2 -Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola*, aprobada definitivamente o 20.09.2018.

No estudo económico financeiro prevese a obtención do solo situado fóra das aliñacións por cesión gratuíta dos propietarios afectados (plano O2), consonte ao previsto no artigo 20.a) da LSG e 30.a) do RLSG.

4. Resultado dos trámites de participación pública e informes sectoriais

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal o 24.10.2019 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal La Voz de Galicia o día 27.12.2019.

En cumprimento do esixido polo apartado 7 do artigo 60 da LSG, o Concello trasladou a documentación á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, a fin de que por este órgano se outorgase audiencia aos municipios limítrofes e se solicitasen os informes sectoriais autonómicos preceptivos.

A directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, en informe asinado o 8.06.2020, indica o seguinte:

...

2. Foron solicitados os informes sectoriais autonómicos preceptivos, constando a emisión dos seguintes, que se achegan:

a) Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 27.01.2020

b) Informe de solos contaminados da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático do 3.02.2020

c) Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 11.03.2020

d) Informe do Instituto de Estudos do Territorio do 17.04.2020

...

3. Deuse audiencia aos concellos limítrofes de Ames, Boqueixón, O Pino, Oroso, Teo, Trazo, Val do Dubra e Vedra. Estes concellos contaban con prazos para contestar, o último dos cales finalizou o 4.06.2020. Rematado o dito prazo, non foi recibida nestas dependencias a resposta deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia)

...

No expediente administrativo tramitado constan así mesmo os seguintes informes, todos eles con pronunciamento favorable, como de seguido se indica:

- Informe da directora de Augas de Galicia de data 1.04.2020

- Informe da Dirección General de Telecomunicaciones de data 9.01.2020

- Informe da Dirección General de Aviación Civil, recibido o 28.01.2020, que advirte do disposto polos artigos 8, 30 e 31 do Decreto 584/1972.

Non consta que o ámbito obxecto de ordenación estea afectado por servidumes aeronáuticas, polo que só resultaría preceptivo o pronunciamento previo da Agencia Estatal de Seguridad Aérea (AESA) se as construcións ou estruturas -incluídos os guindastres de construción e similares- se elevasen a unha altura superior aos 100

metros (artigo 8 do Decreto 584/1972).

- Informe da Dirección General de Carreteras del Estado, de data 17.01.2020. Sinala varias prescricións derivadas da normativa aplicable en materia de ruído (Lei estatal 37/2003 e RD 1367/2007)

Segundo indica o informe da arquitecta municipal, no ámbito da Modificación *“non existe ningunha parcela edificable na que se superen os umbrais límite establecidos no marco legal vixente, de acordo co mapa estratéxico de ruído da SC-11”*, polo que non se considera necesario condicionar neste senso o outorgamento das licenzas de edificación no ámbito.

Durante o trámite de información pública formuláronse varias ALEGACIÓNS, que son obxecto de análise pormenorizado nos informes, técnico e xurídico, emitidos polas Seccións de Planeamento e de Xestión Urbanística os días 7 e 8 de xullo de 2020, nos que se describen polo miúdo as modificacións a incorporar sobre o proxecto inicialmente aprobado.

5. Aprobación provisional

O Pleno Municipal, por acordo adoptado o 30 de xullo de 2020, aprobou provisionalmente a Modificación, segundo o proxecto reformado elaborado pola Sección Municipal de Planeamento en xullo de 2020.

No citado acordo de aprobación provisional figuran descritos os cambios introducidos no documento, concluíndose que os mesmos non son substanciais e, por ende, non esixen a apertura dun novo trámite de información pública, ao se tratar de axustes puntuais, derivados do estudo das alegacións presentadas, de escasa relevancia na ordenación resultante.

O acordo de aprobación provisional notificouse persoalmente a todos os alegantes, así como aos órganos doutras administracións que emitiron informe.

6. Informe da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

En cumprimento do esixido polos artigos 60.13 da LSG e 144.13 do RLSG, o expediente someteuse ao informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que emitiu un pronunciamento favorable o día 8.03.2021, con dúas observacións:

1ª. A Modificación debe definir como viario os denominados espazos libres públicos de nova creación situados na zona sur do ámbito.

2ª. Debe precisarse a altura que corresponde ao ámbito de ordenanza 3 situado entre aqueles nos que se sinala unha altura de B+3 e B+3A.

Ámbalas dúas cuestións foron xa emendadas nos planos de ordenación do documento reformado que se somete a aprobación definitiva.

7. Proposta de resolución

A Modificación, en canto afecta á ordenación detallada establecida polo PXOM

vixente, tramítase a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) e 144 do seu Regulamento (RLSG), sendo competente o Pleno Municipal para a súa aprobación inicial, provisional e definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da LSG, 146.2 do RLSG e 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

En consecuencia, **proponse ao Pleno Municipal**, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente a *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11 (Castiñeiriño)*, segundo o proxecto reformado elaborado pola Sección de Planeamento en marzo de 2021.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

O acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados, e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo o anuncio de aprobación definitiva publicarase, xunto coa normativa resultante da Modificación, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista do informe proposta transcrito, máis do ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 18, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de CA (10 PSdeG-PSOE e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular de do BNG (8 PP e 2 BNG), polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, acorda aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) en execución das sentenzas anulatorias do polígono 11 (Castiñeiriño), segundo o proxecto reformado elaborado pola Sección de Planeamento en marzo de 2021.

O presente acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados, e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo o anuncio de aprobación definitiva publicarase, xunto coa normativa resultante da modificación, no Boletín Oficial da Provincia.

Remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación puntual do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO ARTIGO 21 (ORDENANZA 4B) DA NORMATIVA DO PLAN PARCIAL DE ORDENACIÓN DO SUP-6. SANTA MARTA.

O informe proposta emitido con data 15 de marzo de 2021, pola xefa de sección de xestión urbanística, e que ven co conforme da concelleira delegada da área de urbanismo, ten o seguinte contido:

“A Modificación tramítase de oficio polo Concello de Santiago a resultas dunha proposta presentada pola entidade Alto Residencial S.COOP. GALEGA, co obxecto de reformar a vixente redacción do apartado 12 (Usos) do artigo 21 (Ordenanza 4B de Cuarteirón aberto) da normativa do Plan parcial do SUP-6 (Santa Marta)

Por Providencia da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica de data 22.07.2020, resólvese *“impulsar a tramitación de oficio da Modificación presentada, coa emisión dos informes que resulten preceptivos e a través do procedemento legal e regulamentariamente establecido”*.

1. Planeamento vixente

O vixente Plan xeral de ordenación municipal, a través da súa disposición transitoria primeira, remite a ordenación detallada do sector de solo urbanizable programado SUP-6 ao Plan parcial aprobado no ano 2001, coas súas “modificacións e os instrumentos de desenvolvemento aprobados definitivamente á entrada en vigor do presente plan xeral”.

O Plan parcial de ordenación do SUP-6 (Santa Marta) aprobouse definitivamente polo Pleno do Concello con data 29.03.2001, publicándose a normativa no Boletín Oficial da Provincia do día 2.06.2001.

Posteriormente, con data 26.02.2004, o Pleno aprobou unha corrección de erros que afectou á redacción do apartado 12 (Usos) do artigo 21 (Ordenanza 4B). Logo desta rectificación -publicada no BOP de 7.04.2004-, o apartado 12 do citado artigo 21 quedou coa seguinte redacción:

(*) “12. Usos

Estarase ao disposto pola Ordenanza de cuarteirón pechado 2B no apartado 9, coas seguintes excepcións:

A prohibición do uso residencial baixo cuberta nos cuarteiróns 11, 12, 13 e 14.

A tolerancia do uso vivenda en planta baixa nos cuarteiróns 14 e 15, sempre que non se altere o número máximo de vivendas establecido nos cadros de características, nin a participación global do uso de vivenda exceda so 0.825 m² construídos.

2. Ámbito da Modificación

A Modificación afecta só aos bloques M11, M12, M13 e M14 do Plan parcial, por canto son os únicos nos que a vixente normativa do plan parcial prohibe expresamente o uso residencial no espazo baixo cuberta.

As parcelas afectadas (segundo a reparcelación aprobada) son as seguintes:

M11.A1: 6163906 NH3466 C
M11.A2: 6163905 NH3466 C
M11.B1- B2: 6163908 NH3466 C
M11.C: 6163902 NH3466 C
M12: 6164601 NH3466 C
M13: 6265204 NH3466E
M14.1: 6364304 NH3466 C
M14.2: 6364301 NH3466 C

As parcelas M11-B1, M11-B2, M12, M13 e M14.1 atópanse xa edificadas, tendo xa materializada a superficie edificable máxima atribuída polo Plan parcial, polo que na práctica a Modificación só lles afectaría se procedesen a unha renovación integral da edificación existente.

As parcelas M11.A1, M11.A2 e M-14.2 non foron aínda edificadas, polo que a Modificación si lles afecta en todo caso.

3. Xustificación e contido da Modificación proposta

A Modificación trae causa dos problemas suscitados no procedemento iniciado para obter licenza de edificación da parcela M.14.2. Neste procedemento púxose de manifesto a dificultade de materializar no solar a total superficie edificable residencial computada polo Plan parcial e adxudicada á parcela no Proxecto de reparcelación aprobado (4.780 m² construídos). Esta dificultade débese ás especiais condicións topográficas do terreo, que provocan que unha grande parte da planta baixa quede baixo rasante, impedindo así a concreción do aproveitamento residencial atribuído aos propietarios no proceso de equidistribución.

Por outra banda, a actual redacción do apartado 12 do artigo 21 ten suscitado conflitos de interpretación na súa aplicación práctica en canto ao exacto alcance das excepcións que introduciu no réxime xeral de usos, o que fai preciso clarificar a súa redacción.

O vixente Plan xeral de ordenación municipal, no artigo 125.6 (apartado final), dispón o seguinte en relación co destino urbanístico dos espazos baixo cuberta (construcións por enriba da altura máxima) :

O aproveitamento así definido poderá destinarse a usos complementarios da edificación como trasteiros ou a usos dos permitidos na planta inmediata inferior sempre que a súa utilización estea vinculada á mesma, mediante escaleira interior.

Xa no marco do procedemento iniciado polo Concello no ano 2015 para modificar as disposicións aplicables ao planeamento incorporado (PLA/11/2015), propúxose estender a citada disposición do PXOM a todos os ámbitos de planeamento incorporado ou remitido; todo ilo co fin de harmonizar as determinacións do planeamento aplicable en todo o termo municipal, e, ao mesmo tempo, adaptar os plans remitidos aos criterios de medición de edificabilidade recollidos no artigo 125.8 do PXOM, que remite neste punto ao 46.6.a) da LOUG (hoxe substituído polo 41.4.a) da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 64.5 do seu Regulamento).

Non entanto o anterior, ao terse observado pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio a necesidade de efectuar unha análise pormenorizada do incremento efectivo da capacidade residencial que resultaría daquela proposta, o Concello decidiu acotar o ámbito da reforma aos planeamentos da zona de Fontiñas, ao ser estes os únicos ámbitos nos que se tiñan detectado problemas de aplicación.

Agora ben, como xa se apuntou tamén naquel momento, isto non impide que a mesma solución poida formularse para outros planeamentos nos que se susciten análogos conflitos, debendo cuantificarse en cada caso o incremento de superficie edificable residencial que se derivaría da respectiva Modificación e a súa incidencia no sistema de dotacións públicas existente (artigo 67 do RLSC)

No presente caso non se estima necesario efectuar aquel estudo, xa que **a autorización do uso residencial no baixo cuberta queda en todo caso condicionada a que non se exceda a superficie edificable máxima (residencial e de outros usos) atribuída ás parcelas no cadro de características do vixente Plan parcial**, ao que expresamente remite o artigo 19 da vixente normativa do mesmo plan parcial:

M5: 8.920 m²c
M6: 11.700 m²c
M7: 9.595 m²c
M8: 12.535 m²c
M9: 9.425 m²c
M10: 3.150 m²c
M11: 6.160 m²c
M12: 5.345 m²c
M13: 6.555 m²c
M14: 5.980 m²c
M15: 1.200 m²c

A modificación do planeamento urbanístico aprobado constitúe unha manifestación do *ius variandi* outorgado á administración en materia de ordenación do territorio, polo que o seu exercicio ten un carácter esencialmente discrecional, debendo fundamentarse en razóns de interese público, cuxa avaliación final non compete aos técnicos, senón aos órganos de goberno.

Dende o punto de vista estritamente legal, conclúese que **non existe inconveniente para a tramitación da proposta de Modificación presentada**, xa que o seu obxecto é homoxeneizar a regulación dos usos autorizables nos baixo cuberta dos bloques M-

11-12-13-14, tanto coa que establece o mesmo Plan parcial para todos os demais bloques do SUP-6, como coa disposición xeral do artigo 125.6 (parágrafo final) do vixente Plan xeral de ordenación municipal.

A Modificación proposta afecta unicamente á redacción do apartado 12 (Usos) do artigo 21 (Ordenanza 4B de cuarteirón aberto) da normativa vixente do Plan parcial do SUP-6 (Santa Marta), e ten por obxecto:

- a) Eliminar a prohibición do uso residencial no espazo baixo cuberta, que o plan parcial vixente establece só para as parcelas M-11-12-13-14.
- b) Suprimida aquela prohibición, as citadas parcelas terán o mesmo réxime de usos nos espazos baixo cuberta que as restantes parcelas do ámbito do SUP-6
- c) En todo caso, e de conformidade co disposto polo artigo 19 da normativa do plan parcial, a superficie edificable en cada parcela -adicada a uso residencial e a outros usos- deberá cumprir os límites sinalados no cadro de características do plan parcial.

4. Informe ambiental estratéxico

Previo acordo adoptado pola Xunta de Goberno o día 27.07.2020, remitiuse ao órgano ambiental a solicitude de avaliación ambiental estratéxica simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico e do Borrador do plan.

Por Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, de data 26.10.2020 formulouse o preceptivo Informe ambiental estratéxico, logo dos trámites de participación pública e consultas realizados a tal fin, durante os que non consta que se teñan formulado obxeccións á Modificación proxectada.

5. Procedemento e órgano competente

De conformidade co disposto no parágrafo final do artigo 105.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do solo de Galicia (RLSG), a Modificación das determinacións de ordenación detallada establecidas no Plan parcial do SUP-6 haberá de realizarse a través do procedemento de modificación do plan parcial, hoxe regulado nos artigos 75 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia* (LSG) e 186 do seu Regulamento (RLSG).

O órgano competente para adoptar os acordos que non poñan fin á tramitación da presente modificación do plan parcial é a Xunta de Goberno, consonte ao disposto polo artigo 127.1 -alíneas c) e d)- da Lei 7/1985 de bases do réxime local (LBRL), sendo a aprobación definitiva competencia do Pleno Municipal.

6. Resultado do trámite de participación pública e informes sectoriais

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 75.1.a) da LSG e 186.1.a) do RLSG, a Modificación aprobouse inicialmente pola Xunta de Goberno o 23 de novembro de 2020 e someteuse a información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no Diario Oficial de Galicia e no xornal El Correo Gallego o día 16.12.2020.

Simultaneamente, practicouse citación persoal aos propietarios das parcelas afectadas, segundo figuran no Catastro, e publicouse edicto no Boletín Oficial do

Estado do día 21.12.2020.

No expediente consta informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, de data 17.12.2020 (2020/1504).

Durante o trámite de participación pública formuláronse dúas alegacións:

1ª. Dona LIDIA SABORIDO PIÑEIRO, propietaria dunha vivenda sita no bloque M-11 do SUP-6, oponse á Modificación proposta por entender que a autorización do uso residencial no baixo cuberta obriga a unha reforma integral da edificación existente, que esixe o preceptivo acordo da Comunidade de propietarios.

Resposta: A Modificación da ordenanza 4B, se ben permite dedicar o baixo cuberta a uso residencial -vinculado á planta inmediatamente inferior- en ningún caso podería obrigir ás edificacións xa existentes a materializar este aproveitamento, por varios motivos:

-Tratándose de edificacións xa existentes, en réxime de división horizontal, calquera modificación do título constitutivo haberá de realizarse de conformidade coa normativa especial reguladora da propiedade horizontal.

-En calquera caso, a superficie edificable computable no bloque M-11 non poderá exceder os 6.160 m²c, indicados no cadro de características do plan parcial (artigo 19)

-A habilitación normativa para dedicar a uso residencial o espazo baixo cuberta en ningún caso pode substituír á vontade dos propietarios.

2ª. Don Antonio Framiñán Fraga, en representación de PROMOTORA DO DEZA S.L., propietaria dunha participación indivisa na parcela M-10, alega que non foi citado persoalmente ao expediente, e que a posibilidade de dedicar a uso residencial o baixo cuberta debe estenderse tamén ás demais parcelas do Plan parcial.

Resposta: O ámbito territorial da Modificación límitase ás parcelas M-11, M-12, M-13 e M-14, porque son as únicas nas que a vixente normativa do plan parcial prohibe o uso residencial no baixo cuberta. Por este motivo, só foron citados persoalmente ao expediente os titulares catastrais dos terreos afectados pola Modificación

Tanto a normativa vixente do Plan parcial, como a resultante da Modificación proposta, permiten adicar a uso residencial os espazos baixo cuberta da parcela M-10, o mesmo que todas as demais parcelas do SUP-6, polo que a alegación formulada carece de fundamento.

7. Proposta de resolución

Con base en todo o exposto, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

- Aprobar definitivamente a *Modificación do artigo 21 (ordenanza 4B) da normativa do Plan parcial de ordenación do SUP-6 (Santa Marta)*, sen modificacións respecto da aprobada inicialmente o 23.11.20.

A Modificación afecta unicamente ao apartado 12 (Usos) do citado artigo 21, que quedará coa seguinte redacción:

Artigo 21. Ordenanza 4.B de Cuarteiróns Abertos

(....)

12. Usos

Estarase ao disposto pola ordenanza de cuarteirón pechado 2b no apartado 9, coas seguintes excepcións:

Permitirase o uso vivenda en planta baixa nos cuarteiróns 14 e 15, sempre que non se altere o número máximo de vivendas establecido nos cadros de características, nin a participación global do uso de vivenda exceda do 0.825 m² construídos por m² de solo. No cuarteirón 12 proxéctase un volume edificado de dúas plantas ocupando a totalidade da superficie do cuarteirón con fronte á zona verde V-3; o seu uso será o comercial, coas tolerancias establecidas na regulación de uso definida polo Plan xeral e polo Plan Parcial.

En todo caso, a superficie edificable total autorizable en cada bloque non poderá exceder a atribuída no correspondente cadro de características do plan parcial.

O acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados, e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo o anuncio de aprobación definitiva publicarase, xunto coa normativa resultante da Modificación, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSC, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.”

Á vista do informe proposta transcrito, máis do ditame favorable da Comisión de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 18, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de Compostela Aberta (10 PSdeG-PSOE e 5 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), acorda aprobar definitivamente a modificación do artigo 21 (ordenanza 4B) da normativa do Plan parcial de ordenación do SUP-6 (Santa Marta), sen modificacións respecto da aprobada inicialmente o 23.11.20.

A modificación afecta unicamente ao apartado 12 (Usos) do citado artigo 21, que quedará coa seguinte redacción:

“Artigo 21. Ordenanza 4.B de Cuarteiróns Abertos

(....)

12. Usos

Estarase ao disposto pola ordenanza de cuarteirón pechado 2b no apartado 9, coas seguintes excepcións:

Permitirase o uso vivenda en planta baixa nos cuarteiróns 14 e 15, sempre que non se altere o número máximo de vivendas establecido nos cadros de características, nin a participación global do uso de vivenda exceda do 0.825 m² construídos por m² de solo. No cuarteirón 12 proxéctase un volume edificado de dúas plantas ocupando a totalidade da superficie do cuarteirón con fronte á zona verde V-3; o seu uso será o comercial, coas tolerancias establecidas na regulación de uso definida polo Plan xeral e polo Plan Parcial.

En todo caso, a superficie edificable total autorizable en cada bloque non poderá exceder a atribuída no correspondente cadro de características do plan parcial.

O presente acordo de aprobación definitiva notificarase persoalmente aos interesados, e publicarase no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo o anuncio de aprobación definitiva publicarase, xunto coa normativa resultante da Modificación, no Boletín Oficial da Provincia.

Remitirase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do Plan parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

En todo caso, e de conformidade co esixido polo artigo 199.4 do RLSG, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do Plan quedan condicionadas ao cumprimento dos anteriores trámites e ao sinalado no artigo 70.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en relación co 65.4 da mesma Lei.

4. APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE PERSOAS MAIORES.

O informe proposta de aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Persoas maiores, de data 22 de febreiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“I- ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén un dos medios a través dos cales a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. As vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá nas decisións públicas fanse máis evidentes no eido local, onde as organizacións sociais, os grupos locais, as familias, a cidadanía en definitiva, teñen o dereito e o deber de esixir que se teñan en conta e se debatan as súas demandas, críticas e propostas.

A Carta europea de autonomía local aprobada en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 considera, no seu preámbulo, que o dereito da cidadanía a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os membros do Consello de Europa, entendendo que a autonomía local supón o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais para ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos no marco da lei, baixo a súa responsabilidade e en

beneficio dos seus habitantes.

A Constitución establece no título preliminar o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), aludindo á obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a participación libre e eficaz da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A participación cidadá a través de consellos consultivos está prevista no artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, nos artigos 1 e 69 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e os artigos 130 e 131 do Regulamento 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Tamén está recollida no artigo 29 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela aprobado por acordo plenario do 4 de decembro de 1998.

A sociedade española asiste a un proceso importante de cambios demográficos e sociais polo paulatino envellecemento da poboación. Este proceso continúa un reto para os poderes públicos e para toda a sociedade, que ten que dar resposta e xerar mecanismos para que as persoas maiores continúen sendo suxeitos activos, non só do seu propio envellecemento senón da sociedade.

Os indicadores demográficos sinalan que nun período de tres décadas se duplicou o número de persoas maiores de 65 anos e prevese que no ano 2050 represente máis dun 30% da poboación. Para dar resposta a esta realidade social, a OMS formulou no ano 2002 o paradigma do envellecemento activo, definíndoo como un proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar de vida a medida que as persoas envellecen. Favorecer procesos e crear mecanismos de participación cidadá é un referente das políticas sociais que buscan avanzar na cohesión social e na mellora da calidade de vida. Impulsar a implicación e o protagonismo activo das persoas maiores en todos os ámbitos da vida cidadá é unha das liñas estratéxicas do Concello de Santiago de Compostela. Con este fin propónse a aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela.

SEGUNDO.- Nos acordos acadados polo Pleno do Concello de Santiago na sesión do 24 de outubro de 2019 recóllese:

“A proposta por parte do Concello de Santiago de Compostela de levar a cabo:

- 1. A creación do Consello Municipal de Persoas Maiores, como órgano de participación sectorial, con carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito.*
- 2. E unha vez constituído este, elaborar e aprobar o seu regulamento que facilite a participación de entidades e grupos sociais que traballen a prol do benestar das persoas maiores coa finalidade de contribuír a unha comunidade forte, cohesionada e plural, da que todas as veciñas e veciños forman parte como membros activos que dela son.*

O obxectivo desta iniciativa é crear un órgano consultivo de participación cidadá para a análise, asesoramento e seguimento da acción municipal para as persoas maiores, de cara a dar resposta ás necesidades e demandas da veciñanza de Santiago de

Compostela, que teñen no municipio o ámbito territorial onde se concretan en primeira instancia.

TERCEIRO.- Memoria técnica do Departamento de Servicios Sociais nº **25/2021-MJTP/TFT** de 26/01/2021.

CUARTO.- Informe da Asesoría Xurídica Municipal **AX/14/2021** de data 17/02/2021.

QUINTO.- Informe técnico complementario da Área de Acción Social nº **64/2021-MJTP/TFT** de 22/02/2021.

III- DISPOSICIÓNS LEGAIS DE APLICACIÓN

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, do 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela (ROMP).
- Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago de Compostela (ROGA).

III- CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO.- O obxecto do Regulamento que se informa é o de regular a organización e o funcionamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela.

SEGUNDO.- O Consello Municipal de Persoas Maiores é un órgano de participación sectorial, establecido en base ás previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón a Lei de Bases de Réxime Local, a Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, a Lei 13/2008, de 03 de decembro, de Servizos Sociais

TERCEIRO.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, refírese aos municipios como canles inmediatas de participación cidadá nos asuntos públicos. A participación adquire así un significado esencial no ámbito local, onde a cidadanía asocia con maior intensidade o valor daquela e, o que esixen estilos de goberno máis participativos.

A referida norma no seu **artigo 25. 1** dispón que “O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades

e aspiracións da comunidade veciñal.”

Este mesmo referente normativo nos seus **artigos 69 a 72** establece os mecanismos a través dos cales facer efectivo o dereito de participación de todos os cidadáns na vida local.

Deste xeito o **artigo 70 bis 1** (engadido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local) establece que os concellos deberán establecer e regular en normas de carácter orgánico, procedementos e órganos adecuados, para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local. Debe terse en conta, por tanto, como norma básica, o previsto neste artigo, polo que se dispón o seguinte: *“1. Os concellos deberán establecer e regular en **normas de carácter orgánico** procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local, tanto no ámbito do municipio no seu conxunto como no dos distritos, no caso de que existan no municipio ditas divisións territoriais”*

Trátase, ademais dunhas materias, a de autoorganización e de participación cidadá, nas que as competencias de que dispoñen os municipios son especialmente amplas e así o **artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia** dispón.

“1. Así mesmo, por acordo do Pleno e en municipios con máis de 20.000 habitantes, poderán crearse órganos de participación sectorial en relación cos ámbitos de actuación pública municipal que pola súa natureza permítano, coa finalidade de integrar a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais.

2. Presidirán os órganos de participación sectorial os concelleiros en quen delegue o alcalde.”

E o **artigo 72** establece que: *“Corresponderán aos órganos de participación sectorial, en relación co territorio ou o sector material correspondente, as seguintes funcións: 1. Propor ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións. 2. Emitir informes, a iniciativa propia ou do Concello, sobre materiasda súa competencia. 3. Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais. 4. Exercer as demais de natureza semellante que determine o acordo de creación.”*

CUARTO.- Dentro do ámbito sectorial, a **Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no seu artigo 43º** determina como canle da participación cidadá e das persoas usuarias de servizos sociais, sistemas de consulta e debate abertos e así establece que: *“1. As administracións públicas competentes en materia de servizos sociais garantirán a participación cidadá no sistema galego de servizos sociais mediante o establecemento, por vía regulamentaria, de sistemas de consulta e debate abertos a toda a cidadanía, e, de maneira particular, ás persoas usuarias e aos sectores directamente afectados. 2. Na formulación dos instrumentos de planificación e xestión dos servizos sociais previstos nesta lei estableceranse mecanismos e procesos específicos de participación que, poderán, ter un ámbito territorial ou sectorial.”*

Así mesmo, no **artigo 60** atribúese aos concellos, no marco da planificación e

ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as competencias de “h) O fomento e promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local”, así como “i) A creación, regulación e impulso de mecanismos de participación local no ámbito dos servizos sociais.”

QUINTO.- En cumprimento do disposto no **Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela, aprobado polo Pleno do día 4 de decembro de 1998**, sempre en concordancia co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Porcedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei de bases de réxime local, modificada pola lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local, no Real decreto 2568/1986 polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, a propia Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, a concelleira de Políticas Sociais, propón á cidadanía de Santiago de Compostela *-e máis concretamente aos colectivos implicados nesta área de traballo-*, á Xunta de Goberno Local, á Comisión informativa da Área social, e finalmente ó Pleno do Concello de Santiago de Compostela, unha normativa particular para artellar o funcionamento, composición e outras especificacións necesarias para garantir o dereito á participación na vida municipal dos cidadáns e cidadás de Compostela na que se atenda ás características específicas deste ámbito das persoas maiores ao que vai dirixido, e ás particularidades organizativas que lle son propias.

Desde o punto de vista sectorial ou substantivo, a competencia municipal é tamén evidente. Nas competencias xenéricas en materia de promoción do benestar das persoas maiores, que incumbe a todos os poderes públicos, (art. 50 CE), e centrándonos no dereito de participación destas persoas, resulta que o artigo 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia garante o dereito dos galegos e das galegas a participar na vida política, económica, social e cultural.

SEXTO.- O Consello Municipal das Persoas Maiores de Santiago de Compostela pretende ser un órgano consultivo e de participación sectorial de cidade, de carácter permanente e de duración indefinida, que actúa nos ámbitos relacionados coas persoas maiores e, en concreto, naquelas materias que poidan supoñer unha mellora do seu benestar e a súa calidade de vida, asesorando en todas as políticas desde a perspectiva da cidadanía.

Na proposta de Regulamento que se informa regúlase a natureza, o ámbito de actuación e as funcións do Consello Municipal das Persoas Maiores e os seus órganos, as súas atribucións e o seu funcionamento, os grupos de traballo, e as causas e formas de disolución do Consello.

O **Capítulo I** recolle as **Disposicións Xerais** definindo no seu **artigo 3** as funcións do Consello, relacionadas, todas elas, directamente, co fomento da participación naqueles aspectos da vida municipal que directa ou indirectamente poidan afectar a xente maior ou o proceso de envellecemento. Así, prevese que o Consello emita informes e ditames sobre temas relacionados coas políticas sectoriais dirixidas tanto ás propias persoas maiores como ao conxunto da cidadanía, impulse iniciativas para a aprobación de disposicións municipais referentes ao ámbito de competencia do Consello, asesore ao Concello e promova o debate e o coñecemento da execución das políticas, plans e programas municipais no que se concretan as políticas dirixidas ás persoas maiores, elabore propostas, emendas, e suxerencias, colabore na posta en marcha de actuacións sobre as principais preocupacións e temáticas de interese das

persoas maiores, potencie a participación diversa e plural das persoas maiores, etc .; funcións todas elas que conlevan a realización de diversas actuacións, e que, como non pode ser doutra maneira, exercen mediante a aprobación de informes e ditames co carácter de recomendacións dirixidas aos órganos de goberno municipal, sen carácter vinculante para os órganos de goberno municipais (art. 3.2).

O **Capítulo II** regula a **Estrutura e Organización do Consello**. A composición do Consello recóllese no **art. 4**, baseando dita composición, en criterios de pluralidade e diversidade. O Pleno é presidido polo Alcalde ou alcaldesa, que pode delegar na concelleira ou concelleira que teña atribuídas as responsabilidades en materias de persoas maiores e envellecemento. Ademais, conta tamén cunha Vicepresidencia. O Pleno, órgano de máxima representación do Consello, incorpora persoas e entidades vinculadas e non vinculadas ao Concello de acordo con criterios de pluralidade.

Nese mesmo **artigo 4** régúlase como se debe proceder ao nomeamento, a designación e a renovación das persoas membros do Consello; o **artigo 5** establece as funcións dos membros do Consello. O **artigo 6** regula as funcións da Presidencia, e a **artigo 7** ás da Vicepresidencia, quedando o **artigo 8** para regular as funcións propias da Secretaría

Pola súa banda, o **Capítulo III** regula o **Réxime de Sesións e adopción de acordos**. O Pleno do Consello, é o órgano de máxima representación, debate e decisión, integrado por todas as persoas membros do Consello, que é o competente para adoptar os acordos que corresponden propio Consello. O **artigo 11** regula o funcionamento e o réxime de sesións do Pleno do Consello, e o **artigo 12** a forma de convocatoria das súas sesións.

O **Capítulo IV** no seu artigo 13 establece a sede do Consello na sede da Concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela na Rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4.

Inclúese tamén unha **Disposición Adicional** que regula a posibilidade de celebrar as xuntanzas do Pleno de forma telemática cando as circunstancias así o aconsellen, unha **Disposición Final** con referencia a entrada en vigor do regulamento e unha **Disposición Derogatoria** que fai referencia a que, ata o de agora, o Consello de Persoas Maiores de Santiago estaba representando a través dunha comisión sectorial no *Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela* segundo o disposto no art. 13 do *Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP.núm 70 do 13 de Abril de 2012)*, e, por tanto, coa proposta da presente regulación, deixaría de formar parte do referido Consello Sectorial de Familia, Bienestar Social e Igualdade e, consecuentemente, de estar regulado pola normativa que rexe dito Consello, ao acadar o Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela a súa propia autonomía funcional e normativa, pasando a ser un órgano independente de aquel e, por tanto, modificando o artigo 13 do *Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP.núm 70 do 13 de Abril de 2012)*, coa finalidade de excluír entre as súas comisións sectoriais a que se corresponde cos Maiores.

Todas as previsións que se recollen na proposta de Regulamento que se informa se adecúan ao ordenamento xurídico.

III.- PROPOSTA

En atención ao exposto e a os informes preceptivos que se acompañan, **PROPONSE** a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela:

1. Aprobar o Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela.

2. Aprobar a modificación do *Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade* e do artigo 13.4 do seu Regulamento de organización e funcionamento do *Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP.núm 70 do 13 de Abril de 2012)*, coa finalidade de derogar entre as súas comisión sectoriais a que se corresponde cos Maiores, que quedará redactado da seguinte forma:

(...)Artigo 13.4. As comisións sectoriais que se establecen, sen prexuízo de que o propio Consello poida acordar a súa modificación, son as seguintes:

- Familia, infancia e xuventude
- Emprego
- Igualdade-muller
- Emigración-inmigración
- Discapacidade
- Saúde

3. Dar traslado da proposta ao Pleno Municipal para súa aprobación inicialmente en Comisión e, despois do cumprimento do trámite de audiencia e información pública, definitivamente polo Plenario.”

No debate, auséntase por un breve espacio de tempo o señor alcalde.

Os grupos municipais de CA e do BNG, presentaron sendas emendas ao presente Regulamento na Comisión informativa da área do social, cultural, participación, igualdade e transparencia, non sendo aceptadas, e que mantiveron para a presente sesión plenaria, e ambas foron rexeitadas por non acadar os votos necesarios para a súa aprobación (7 a favor -CA e BNG-, 10 en contra -PSdeG-PSOE- e 8 abstencións -PP-).

Rematado o debate e á vista do informe proposta transcrito, e demais documentación que obra no expediente, e máis o ditame favorable da Comisión informativa da área do social, cultural, participación, igualdade e transparencia correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 18, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

1º. Aprobar o Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela.

2º. Aprobar a modificación do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade e do artigo 13.4 do seu Regulamento de organización e funcionamento do

Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP.núm 70 do 13 de Abril de 2012), coa finalidade de derrogar entre as súas comisións sectoriais a que se corresponde cos Maiores, que quedará redactado da seguinte forma:

(...)Artigo 13.4. As comisións sectoriais que se establecen, sen prexuízo de que o propio Consello poida acordar a súa modificación, son as seguintes:

- Familia, infancia e xuventude
- Emprego
- Igualdade-muller
- Emigración-inmigración
- Discapacidade
- Saúde

3º. Someter o presente acordo de aprobación inicial a información pública por un prazo mínimo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, no caso de non presentarse este considerárase elevado a aprobación definitiva, e deberá ser publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 70.2 da Lei 7/85.

O texto do Regulamento aprobado inicialmente, ten o seguinte contido:

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO CONSELLO MUNICIPAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LIMIAR

A participación cidadá é un dos piares sobre os que se asenta a idea de democracia e tamén un dos medios a través dos cales a cidadanía xulga a acción dos seus gobernos. Supón recoñecer a pluralidade de pensamentos, opinións e visións dos asuntos e contribúe ao desenvolvemento social, á construción do capital social, ao fomento da corresponsabilidade e á mellora da calidade dos servizos públicos. As vantaxes e beneficios que comporta a participación cidadá nas decisións públicas fanse máis evidentes no eido local, onde as organizacións sociais, os grupos locais, as familias, a cidadanía en definitiva, teñen o dereito e o deber de esixir que se teñan en conta e se debatan as súas demandas, críticas e propostas.

A Carta europea de autonomía local aprobada en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 considera, no seu preámbulo, que o dereito da cidadanía a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os membros do Consello de Europa, entendendo que a autonomía local supón o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais para ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos no marco da lei, baixo a súa responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

A Constitución establece no título preliminar o dereito da cidadanía a participar na vida política, económica, cultural e social (artigo 9.2), aludindo á obriga dos poderes públicos de promover as condicións para a participación libre e eficaz da cidadanía no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

A participación cidadá a través de consellos consultivos está prevista no artigo 71 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, nos artigos 1 e 69 da Lei

7/1985 reguladora das bases do réxime local e os artigos 130 e 131 do Regulamento 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Tamén está recollida no artigo 29 do Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela aprobado por acordo plenario do 4 de decembro de 1998.

A sociedade española asiste a un proceso importante de cambios demográficos e sociais polo paulatino envellecemento da poboación. Este proceso constitúe un reto para os poderes públicos e para toda a sociedade, que ten que dar resposta e xerar mecanismos para que as persoas maiores continúen sendo suxeitos activos, non só do seu propio envellecemento senón da sociedade.

Os indicadores demográficos sinalan que nun período de tres décadas se duplicou o número de persoas maiores de 65 anos e prevese que no ano 2050 represente máis dun 30% da poboación. Para dar resposta a esta realidade social, a OMS formulou no ano 2002 o paradigma do envellecemento activo, definíndoo como un proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade co fin de mellorar de vida a medida que as persoas envellecen. Favorecer procesos e crear mecanismos de participación cidadá é un referente das políticas sociais que buscan avanzar na cohesión social e na mellora da calidade de vida. Impulsar a implicación e o protagonismo activo das persoas maiores en todos os ámbitos da vida cidadá é unha das liñas estratéxicas do Concello de Santiago de Compostela. Con este fin propónse a aprobación do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela.

Nos acordos acadados polo Pleno do Concello de Santiago na sesión do 24 de outubro de 2019 recóllese:

“A proposta por parte do Concello de Santiago de Compostela de levar a cabo:

1. A creación do Consello Municipal de Persoas Maiores, como órgano de participación sectorial, con carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito.

2. E unha vez constituído este, elaborar e aprobar o seu regulamento que facilite a participación de entidades e grupos sociais que traballen a prol do benestar das persoas maiores coa finalidade de contribuír a unha comunidade forte, cohesionada e plural, da que todas as veciñas e veciños forman parte como membros activos que dela son.

O obxectivo desta iniciativa é crear un órgano consultivo de participación cidadá para a análise, asesoramento e seguimento da acción municipal para as persoas maiores, de cara a dar resposta ás necesidades e demandas da veciñanza de Santiago de Compostela, que teñen no municipio o ámbito territorial onde se concretan en primeira instancia.

ÍNDICE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Natureza

Artigo 2. Ámbito de actuación

Artigo 3. Funcións do Consello Municipal de Persoas Maiores

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 4. Composición do Consello

Artigo 5. Función dos membros

Artigo 6. Da Presidencia

Artigo 7. Da Vicepresidencia

Artigo 8. Da Secretaría

Artigo 9. Comisións de traballo

Artigo 10. Duración do mandato

CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 11. Xuntanzas e acordos

Artigo 12. Convocatoria das xuntanzas

CAPÍTULO IV. SEDE

Artigo 13. Sede

Disposición adicional

Disposición modificativa

Disposición final única

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Natureza

1. O Consello Municipal de Persoas Maiores é un órgano colexiado, de natureza consultiva, informativa e de participación institucional, social, política e cidadá para a definición e seguimento das políticas municipais referidas ás persoas maiores de Compostela, en particular en todo o relativo a mellorar o benestar e a calidade de vida deste sector da poboación.

O Consello Municipal de Persoas Maiores créase con base no que prevé a respecto da participación cidadá nos asuntos municipais o artigo 71 da Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración local de Galicia, os artigos 1 ,69 e 70 bis 1 da Lei reguladora das bases do réxime local e na restante normativa de ámbito estatal e local, nomeadamente no Regulamento de participación cidadá do Concello de Santiago de Compostela, sen prexuízo do exercicio das facultades de decisión dos órganos representativos regulados por lei.

Os estudos, propostas e informes emitidos polo Consello son de carácter informativo e teñen fins consultivos non vinculantes. En consecuencia, configúrase como un órgano permanente de participación, asesoramento, consulta, proposta, información, comunicación e debate.

2. O Consello rexerese por este regulamento e, no non incluído nel, polo Regulamento de participación cidadá e polas demais disposicións que lle sexan de aplicación.

3. Gozará de autonomía con respecto á corporación local.

Artigo 2. Ámbito de actuación

O ámbito de actuación do Consello Municipal de Persoas Maiores é coincidente cos límites e competencias municipais sempre referido a temas que lle afecten.

Non obstante, este Consello procurará a coordinación e colaboración con outros concellos e outras entidades, públicas e privadas, que transcendan o ámbito municipal co fin de obter información, realizar propostas ou trasladar solicitudes naqueles casos que poidan incidir nas súas actuacións.

Artigo 3. Funcións do Consello Municipal de Persoas Maiores

Son funcións deste Consello representar e canalizar a participación comunitaria en asuntos relacionados coas persoas maiores dos colectivos ou organizacións sociais de Santiago de Compostela que traten dese ámbito, así como asesorar e elaborar propostas de actuación na materia e realizar o seu seguimento. Desagréganse a seguir:

- a) Promover, colaborar e asesorar na realización de estudos sobre a situación das persoas maiores no municipio de Santiago de Compostela, cuxos resultados sirvan de base para calquera proposta de actuación.
- b) Potenciar a participación das persoas maiores nos asuntos municipais.
- c) Fomentar o asociacionismo entre as persoas maiores e prestar o apoio e a asistencia que lle fose requirida.
- d) Propoñer a adopción de medidas dirixidas a eliminar os obstáculos que dificultan a integración real e efectiva da veciñanza maior de Santiago de Compostela na sociedade compostelá.
- e) Impulsar a colaboración e cooperación entre asociacións e entidades, xa sexan públicas ou privadas, que desenvolvan actuacións para a promoción das persoas maiores.
- f) Propoñer e priorizar anualmente actuacións no seu ámbito para que executen os órganos de goberno, tras a comparencia da/o concelleira/o responsable dando conta das liñas orzamentarias previstas para cada anualidade.
- g) Velar polo cumprimento dos acordos do propio Consello.
- h) Actuar como receptor de información municipal para comunicala e difundila entre os colectivos de persoas maiores.

As funcións do Consello Municipal de Persoas Maiores exerceranse mediante a emisión de ditames, informes ou peticións, actuando como órgano consultivo e asesor non vinculante para os órganos de goberno municipais.

CAPÍTULO II. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN

Artigo 4. Composición do Consello

O Consello Municipal de Persoas Maiores estará formado polos seguintes órganos:

Presidencia

Titular da Alcaldía ou da concellería en que delegue.

Vicepresidencia

A persoa titular da Concellería competente nesta materia.

Vogais

1. Poderán formar parte do Consello Municipal de Persoas Maiores en calidade de vogais:

a) Unha persoa en representación por cada unha das asociacións ou organizacións de persoas maiores recoñecidas legalmente que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións con, polo menos, seis meses de antigüidade e que soliciten a súa participación no Consello.

b) Unha persoa en representación por cada unha das áreas ou seccións de maiores de organizacións cidadás, con autonomía funcional e independencia, que desenvolvan traballos encamiñados a conseguir os obxectivos xerais do Consello e que soliciten a súa participación no Consello e aquelas asociacións que recollan nos seus Estatutos a defensa da comunidade en xeral.

c) Unha persoa en representación da Plataforma de Pensionistas Santiago Compostela.

d) Unha persoa en representación de cada un dos partidos políticos con representación na corporación municipal que soliciten a súa participación no Consello. A integración das asociacións ou organizacións no Consello Municipal de Persoas Maiores terá que ser aprobada polo Consello unha vez que o soliciten.

Todas as entidades interesadas en formar parte do Consello de Persoas Maiores deberán cumprir como requisito indispensable o de non perseguir fins lucrativos.

As asociacións ou organizacións que desexen formar parte do Consello deberán achegar os seguintes datos coa súa solicitude:

a) Estatutos da asociación ou organización ou acordo do órgano de goberno no que se recoñeza a autonomía funcional ás seccións ou colectivos organizados de persoas maiores.

b) Número de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións, se é o caso.

c) Nome das persoas que ocupan os cargos directivos da asociación ou das persoas representantes da organización.

d) Domicilio social.

e) Certificación do número de persoas socias ou integrantes da entidade ou organización.

f) Nome das persoas representantes e suplentes da asociación ou organización no Consello Municipal de Persoas Maiores.

2. Calquera modificación dos datos presentados deberá notificarse á Secretaría do Consello dentro do mes seguinte a que se produza.

3. Perderase a calidade de vogal do Consello por calquera das seguintes causas:

a) Disolución da asociación, entidade ou organización

b) Vontade propia.

c) Por causar baixa no Rexistro Municipal de Asociacións.

d) Por falta de asistencia da persoa representante ao Pleno tres veces consecutivas.

e) Por non comunicar nos prazos establecidos a modificación dos datos a que se refire o punto 2.

f) Polo incumprimento reiterado deste regulamento, dos acordos dos órganos de goberno ou a perturbación grave do funcionamento do Consello.

A referida perda será acordada polo Consello, unha vez tramitado o expediente oportuno no que se lle dará audiencia á entidade.

Secretaría

A persoa titular da Secretaría Xeral do Pleno ou persoa en quen delegue

Así mesmo, para funcións de asesoramento, a Presidencia poderá invitar ás sesións do Consello a calquera persoa experta, organización ou entidade que resulte de interese para os temas tratados, que participarán nas reunións con voz pero sen voto.

Artigo 5. Funcións das persoas membros

Son funcións das persoas membros:

1. Propoñer asuntos para incluír na orde do día das sesións.

2. Participar nos debates das sesións.

3. Formular propostas en relación cos asuntos fixados na orde do día.

4. Exercer o seu dereito ao voto e formular votos particulares, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.

5. Formular iniciativas, preguntas e suxestións

6. Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.

7. Respetar a confidencialidade da información que adquiran pola súa condición de membros do Consello, aínda con posterioridade ao seu cesamento.

8. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

As persoas membros do Consello non poderán atribuírse as funcións de representación asignadas a este, salvo que expresamente se lles outorgasen por acordo validamente adoptado, para cada caso concreto, polo propio órgano.

En casos de ausencia ou de enfermidade, e en xeral cando concorra unha causa xustificada, as persoas membros do Consello serán substituídas polas súas suplentes, se as houbese. As asociacións cidadás e demais organizacións con representación poderán substituír as persoas que as representan por outras, acreditándoo ante a Secretaría, que dará traslado ao Consello.

No nomeamento das persoas membros terase en conta o establecido no artigo 16 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, procurando atender ao principio de presenza equilibrada entre ambos os sexos na composición. Tamén se atenderá ao previsto no Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 6. Da Presidencia

A Alcaldía do Concello de Santiago de Compostela presidirá o Consello Municipal de Persoas Maiores.

Son funcións da Presidencia:

1. Representar o Consello.
2. Acordar a convocatoria, fixar a orde do día, presidir e moderar as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello Municipal de Persoas Maiores e das comisións, se houbese.
3. Velar polo cumprimento dos acordos do Consello e polas súas normas de funcionamento.
4. Someter iniciativas e propostas á consideración do Consello
5. Dar o seu visto e praxe ás actas e ás certificacións de acordos do Consello.
6. Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.
7. Resolver as dúbidas que se presenten na aplicación deste regulamento.
8. Informar á corporación municipal dos acordos acadados polo Consello Municipal de Persoas Maiores
9. Exercer cantas funcións lle encomende o Consello sempre que sexan inherentes á súa condición.

Artigo 7. Da Vicepresidencia

A Vicepresidencia corresponderá á persoa titular da concellaría competente nesta materia.

A persoa que exerza a Vicepresidencia asumirá a Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa titular.

Artigo 8. Da Secretaría

Actuará como titular da Secretaría, con voz pero sen voto, a persoa titular da Secretaría municipal ou persoa en quen delegue.

Son funcións da Secretaría:

1. Realizar a xestión administrativa dos asuntos do Consello Municipal de Persoas Maiores.
2. Asistir á Presidencia e ao Consello Municipal en todos os asuntos inherentes a súa condición para os que sexa requirida.
3. Efectuar as convocatorias das sesións por orde da Presidencia, así como as citacións a compoñentes do Consello, enviando a documentación correspondente.
4. Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, elaborar as súas actas, autorizalas coa súa sinatura e co visto e praxe da Presidencia e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
5. Expedir, co visto e praxe da Presidencia, certificacións sobre actos e acordos do Consello.
6. Levar de forma actualizada o rexistro de membros e representantes dos distintos órganos, así como as altas e baixas.
7. As demais que lle sexan encomendadas pola Presidencia do Consello.

No caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Secretaria do Consello Municipal de Persoas Maiores será substituída no exercicio das súas funcións pola persoa que veña designada como suplente.

Artigo 9. Comisións de traballo

As comisións de traballo son grupos cuxa finalidade é elaborar informes e propostas así como desenvolver, baixo a supervisión do Consello, os proxectos e programas que este lles encomende nas materias propias da súa competencia sobre temas específicos.

O Consello poderá crear, con carácter temporal ou permanente, as comisións de traballo que considere oportunas. O acordo de creación determinará o seu cometido e organización interna.

Estarán integradas por, polo menos, catro membros do Consello e poderán asemade formar parte delas outras persoas designadas por estes e que polo seu especial interese nos temas que se traten queiran participar de forma activa, logo da solicitude

e aprobación polo Pleno do Consello. Unha persoa das integrantes da comisión, que á súa vez sexa membro do Consello, exercerá a súa coordinación e a interlocución con este.

No suposto de que teñan carácter permanente, no acordo de creación, poderán fixarse os prazos nos que se procederá á renovación periódica dos seus membros.

Artigo 10. Duración do mandato

1. As representacións dos grupos municipais integrantes da corporación posuirán a súa condición mentres perdure o mandato en que se produza o seu nomeamento, sen prexuízo de que poidan cesar ou ser destituídas en calquera momento e de que se nomee outra persoa para esta representación.

2. O resto das vogalías exercerán tal condición durante un período de catro anos, sen prexuízo da súa posible prórroga automática que poderá ter carácter indefinido salvo denuncia expresa formulada por parte das organizacións e organismos correspondentes as que representen que poderán propor a súa substitución en calquera momento.

CAPÍTULO III. RÉXIME DE SESIÓNS E ADOPCIÓN DE ACORDOS

Artigo 11. Xuntanzas e acordos

1. Corresponde á Presidencia a convocatoria do Consello.

2. As reunións do Consello poderán ser ordinarias e extraordinarias

3. O réxime de xuntanzas do Consello será semestral para as asembleas ordinarias, e para as de carácter extraordinario cantas veces sexan convocadas pola Presidencia, por propia iniciativa ou por solicitude dun terzo dos compoñentes.

4. Para a válida constitución das sesións do Consello requirirase, en primeira convocatoria, a presenza de, polo menos, a metade do número legal das persoas membros mais a Presidencia e a Secretaría, titulares ou suplentes. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo do número legal das persoas membros, titulares ou suplentes, mais a Presidencia e a Secretaría ou as súas substitucións legais. Para a segunda convocatoria bastará o transcurso de media hora dende a primeira convocatoria.

5. A convocatoria deberá conter a orde do día fixada pola Presidencia así como a data, hora e lugar da reunión, e ir acompañada, se é o caso, da documentación suficiente.

6. O Consello poderá acordar a invitación ás súas sesións, con voz pero sen voto, asociacións, organismos ou persoas expertas relacionadas con algún asunto dos incluídos na orde do día.

7. Os acordos do Consello Municipal de Persoas Maiores adoptaranse por maioría simple das persoas presentes, salvo que algunha disposición esixa maioría absoluta. Entenderase por maioría simple cando os votos afirmativos sexan máis que os negativos e por maioría absoluta cando os votos afirmativos sexan máis da metade do número legal de membros con dereito a voto. O voto será persoal e indelegable e non

se admitirán votos por correo. En caso de empate farase valer o voto de calidade da Presidencia.

Artigo 12. Convocatoria das reunións

A convocatoria das sesións levarase a cabo, sempre que sexa posible, por medios telemáticos e deberá comunicarse a cada unha das persoas membros do Consello e ser recibida cunha antelación mínima de sete días no caso de sesións ordinarias e de dous días no caso de sesións extraordinarias. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición das persoas membros do Consello.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

CAPÍTULO IV. SEDE

Artigo 13. Sede

A sede é o lugar de reunión do Consello Municipal das Persoas Maiores e será a sede da Concellaría de Políticas Sociais do Concello de Santiago de Compostela, na rúa de Isaac Díaz Pardo, nº 2-4 ou o lugar en cada caso que designe a Presidencia na convocatoria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Convocatoria, constitución e celebración de sesións e adopción de acordos a distancia

1. En casos de forza maior ou risco colectivo grave, catástrofe ou calamidade públicas, o Consello pode ser convocado e constituído, as súas sesións poden realizarse e poden adoptarse acordos a distancia.
2. A convocatoria das sesións que se desenvolvan a distancia debe motivar a concorrencia ou mantemento da situación que excepcionalmente xustifique esta forma.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Modificación do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade

Coa entrada en vigor do presente regulamento queda derogada a Comisión Sectorial de Maiores como parte integrante do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade do Concello de Santiago de Compostela do que formaba parte segundo o disposto no artigo 13.4 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Sectorial de Familia, Benestar Social e Igualdade (BOP núm. 70 do 13 de abril de 2012), que quedará redactado da seguinte forma:

“(...)4. As comisións sectoriais que se establecen, sen prexuízo de que o propio Consello poida acordar a súa modificación, son as seguintes:

- Familia, infancia e xuventude
- Emprego

- Igualdade-muller
- Emigración-inmigración
- Discapacidade
- Saúde”

DISPOSICIÓN FINAL

Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (ou diario oficial que corresponda) e logo de transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE ACCESIBILIDADE E SEGURANZA VIARIA NOS PASOS DE PEÓNS.

A proposición presentada con data 15 de marzo do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á posta en marcha, co orzamento correspondente, do plan de seguranza viaria nos pasos de peóns co obxectivo de incrementar a accesibilidade e de reducir a sinistralidade viaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG trasladara ao Pleno de xaneiro de 2020 unha iniciativa para a realización dun plan de mellora da sinalización dos pasos de peóns para contribuír a reducir o número de accidentes en Santiago de Compostela. De feito, a media anual era superior a 40 atropelos anuais. Pasa o tempo e continuamos asistindo a atropelos en pasos de peóns. Os últimos producíronse na rotonda da Pontepedriña, en Salgueiriños e no Ensanche (rúa República Arxentina).

Estas zonas de cruce deberían estar mellor sinalizadas, iluminadas e con pintura reflectora para distinguir ben as persoas que van a pé, sobre todo cando escurece no inverno e as condicións meteorolóxicas dificultan a visibilidade para condutores/as. Cómpre ter en conta tamén a utilización de materiais adecuados para o paso de motos e bicicletas.

De feito, hai diversos informes elaborados pola Policía local que aconsellan a colocación de elementos redutores de velocidade, sinais verticais informativos luminosos de situación de pasos de peóns en ambos os sentidos de circulación, xunto con medidas para a mellora da visibilidade, nos pasos de peóns desde a Porta do Camiño até a praza de Galiza. Noutro informe detallan “posíbeis medidas a tomar, en aras a mellorar a seguranza do tránsito peonil nos pasos de peóns, sen acometer custosos proxectos nin grandes obras”. Este documento inclúe 26 fotografías xunto con propostas concretas froito dun percorrido por distintos barrios da cidade “nos que na maioría dos casos se aprecia dificultade de visión de peóns por parte de condutores de vehículos, así como se achegan posíbeis solucións sen acometer grandes obras”.

Ademais destes informes municipais, a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) realizou diversos estudos para a supresión de barreiras arquitectónicas en lugares públicos con falta de accesibilidade en Santiago. Deste xeito, describen numerosos puntos da cidade onde se deben realizar actuacións para gañar accesibilidade, xa que precisan recesos nas beirarrúas. De feito, no segundo traballo que entregaron aos grupos municipais especifican que “do que se trata, fundamentalmente, é de ofrecer solucións que se poden desenvolver dunha maneira inmediata, coa importancia que pode representar para un colectivo que día a día vivimos estes atrancos e, por outra banda, cun impacto económico que poida ser asumido polo Concello, da maneira menos lesiva para as arcas municipais”.

Esta asociación destaca, por citar algúns exemplos, a necesidade dun paso peonil na praza de España, no inicio da avenida da Coruña, que está en moi malas condicións co aglomerado cortado. En Meixonfrío, na avenida do Cruceiro da Coruña, á altura da rúa de acceso ao Polígono do Tambre, están en malas condicións tanto a pintura como o aglomerado. Hai pasos de peóns sen rampla nas rúas de San Caetano, García Lorca, Celso Emilio Ferreiro, Irmandiños, Manuel María, Jaca, Melide, avenida Xoán XXIII ou Xazmíns, entre outros. De feito, propoñen que “unha solución temporal sería facer unha cuña con aglomerado na zona do paso peonil, unha solución efectiva, rápida e económica”. Advirten tamén da necesidade de pasos de peóns en numerosos puntos da cidade que carecen del para lle dar continuidade á xente que vai a pé, en cadeira de rodas ou en *scooter*.

Farmacias, centros sanitarios, centros de ensino e edificios públicos deben ter unha especial sinalización e adecuación para favorecer a mobilidade das persoas con necesidades especiais tendo en conta a grande afluencia que concitan estes espazos.

O Concello tamén podería realizar unha campaña de sensibilización para evitar o uso de teléfonos móbiles, redes sociais, aplicacións de mensaxería e auriculares que reducen a atención das persoas mentres camiñan, en zonas que requiren estar pendentes da circulación do tráfico co fin de diminuír incidencias e atropelos.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello insta os correspondentes órganos do Goberno local á posta en marcha, co orzamento correspondente, dun plan de seguranza viaria nos pasos de peóns co obxectivo de incrementar a accesibilidade e de reducir a sinistralidade viaria.”

Á presente proposición presentaron emendas os grupos municipais Socialista e o do Partido Popular, e posteriormente foi presentada emenda de transacción polo BNG, e tras ser aceptada o Pleno da Corporación por unanimidade acorda incluír unha partida orzamentaria dun mínimo de 330000 euros para executar un plan de actuacións en 2021 co obxectivo de incrementar a accesibilidade universal e de reducir a sinistralidade viaria, incluíndo a posibilidade de incorporar naqueles puntos considerados especialmente “sensíbeis” un sistema de intelixente para dispoñer un maior fluxo luminoso sobre os pasos de peóns, combinado con bandas horizontais e sinais verticais luminosas que se activen ante a proximidade de persoas para cruzar a rúa, conforme o acordo plenario de febreiro de 2017.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A REHABILITACIÓN DAS RUÍNAS DA CARAMONIÑA.

Presentouse con data 15 de marzo do corrente ano, a proposición que de seguido se transcribe:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á rehabilitación das ruínas de Caramoniña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela foi unha das cidades seleccionadas na edición de 2019-2020 para o concurso Driehaus, unha iniciativa de Richard H. Driehaus a través de R.H.D. Charitable Lead Trust, que foi convocada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, coa intención de axudar a recuperar o patrimonio arquitectónico.

Segundo consta na documentación do concurso, o municipio de Santiago de Compostela foi seleccionado para rehabilitar a área da Caramoniña actualmente infrautilizada, pouco accesíbel e mal conectada co resto do tecido urbano. Este ámbito aloxou no seu día vivendas unifamiliares que ían graduándose ao longo da rúa da Caramoniña. Consérvanse aínda os muros destas casas e hortas traseiras en bancais, recentemente recuperadas e incorporadas ao espazo público.

Así, a proposta consistía en idear un proxecto para a recuperación das construcións existentes con destino a cinco vivendas temporais para estudantes e unha para artistas bolseiros/as do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), conectando este ámbito co parque de San Domingos de Bonaval. Dentro deste parque podíase intervir tanto nunha construción anexa ao muro setentrional do parque, como nun edificio propiedade do Concello situado xunto ao CGAC. Este edificio é utilizado na actualidade unicamente como almacén. Estes últimos espazos poden destinarse a usos complementarios ao das vivendas rehabilitadas, tales como obradoiros para artistas ou espazos de traballo.

Deste xeito, a proposta seleccionada para obter o primeiro premio polo xurado do concurso Driehaus foi “Hydrangea”, das arquitectas Eva Niño Mendizábal, Elia San Román Vázquez e Carmen Carral Pérez.

O xurado determinou conceder mencións de honor a tres propostas máis: “Ruela”, de Aurora Armental Ruiz e Stefano Ciurlo Walker, con colaboradoras como María Esther Bergua Orduna, Alejandro Morales Martín, Johanna Hemberger e Ana María Vidal Ruiz de Velasco; “Rúa da Auga”, de Víctor Manuel Guimerá Millán e María del Pilar Rama Lara; e “Enxebre”, de Ignacio Galán Fernández e Marina Álvarez García.

As ideas xurdidas ao abeiro deste concurso poden vincularse á tradicional epígrafe contida no Capítulo VI dos Orzamentos municipais que adoitaba nomearse “Consolidación das ruínas da Caramoniña”, dotado desde o ano 2018 con entre 90.000 e 120.000 euros en 2020, e que aínda está pendente de executar. De feito, a veciñanza deste barrio trasladou por escrito a demanda da rehabilitación desta zona xa ao anterior Goberno municipal e mesmo presentou a proposta nos Orzamentos participativos.

Coa intención de buscar sinerxías entre as distintas áreas do Goberno municipal e para economizar a execución desta iniciativa, pode estudarse a posibilidade de crear, cando menos para realizar partes da execución desta obra, un obradoiro de emprego para conseguir rehabilitar esta zona da Caramoniña ao tempo que se fornece de coñecementos e de boas prácticas na construción a persoas en paro, tendo en conta o impacto da crise neste sector e as necesidades de relevo xeracional.

Existen varios proxectos e pódense buscar fondos doutras administracións, a comezar polo Consorcio da Cidade e pódese realizar un proxecto plurianual, tamén en colaboración coa USC, co obxectivo de recuperar a zona e poñer en valor tamén turisticamente diferentes espazos da cidade.

O orzamento incluía varias partidas que, como se fixo referencia anteriormente, poderían irse executando en fases. Incluían a reurbanización dos pavimentos da Ruela e a rehabilitación da muralla do parque, mesmo un tramo da Rúa Teo (desde a Ruela até a porta de Bonaval para conectar con esta e a Almáciga) tamén a creación dun par de aberturas na muralla do parque para conectar a Ruela. E, por último, a rehabilitación das edificacións en ruínas entre a Ruela e as hortas municipais e tamén a casa que está no parque entre o CGAC e o Museo do Pobo Galego.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta os correspondentes órganos do Goberno local a estudar o proxecto que mellor se adecúe, buscar a colaboración orzamentaria doutras administracións e dotar do orzamento plurianual correspondente a execución das obras de rehabilitación das ruínas da Caramoniña.”

Auséntase durante o debate o señor alcalde e pasa a presidir a sesión o tenente de acalde, señor Guinarte, pero volve antes de ter lugar a votación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar os correspondentes órganos do Goberno local a estudar o proxecto que mellor se adecúe, buscar a colaboración orzamentaria doutras administracións e dotar do orzamento plurianual correspondente a execución das obras de rehabilitación das ruínas da Caramoniña.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A REGULACIÓN DO APARCADOIRO MUNICIPAL DA PRAZA MARCIAL VILLAMOR VARELA, COLINDANTE COA RÚA DO OLVIDO.

A proposición do epígrafe foi presentada con data 15 de marzo do corrente ano, e ten o contido que de seguido se transcribe:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un acordo unánime acadado no pasado mandato, concretamente no Pleno de novembro de 2016, propoñía a regularización “á maior brevidade posible” da situación do aparcamento da praza Marcial Villamor Varela, nas inmediacións da rúa do Olvido, “procedendo a rematar a redacción do prego para a concesión e a posterior adxudicación do uso das prazas de titularidade municipal, atendendo a criterios de proximidade e de renda”.

A decisión adoptada trataba de poñer en orde a complexa situación patrimonial e a posta en funcionamento deste aparcamento municipal, xurdido da urbanización do contorno da rúa do Olvido desenvolvida mediante convenio desde o ano 2007, onde se creou unha praza pública cuxas obras remataron en 2010. No seu subsolo creáronse trinta prazas de aparcamento (27 para automóviles y 3 para motocicletas) de titularidade municipal. A principal complexidade radica en que o acceso a estas instalacións subterráneas é común con outros aparcadoiros privados que se serven dos seus servizos e tamén dos carrís para a súa entrada e saída, sen título habilitante e sen contribuír aos custos proporcionais xerados pola conservación e mantemento do espazo.

Para tratar de regularizar esta situación fóronse dando distintos pasos ao longo dos anos transcorridos: no mandato 2011-2015 tramitouse a inscrición do aparcamento no catastro, a inscrición no Rexistro da Propiedade e comezáronse os traballos previos para a redacción do prego que permitiría sacar a oferta pública o alugueiro das prazas de propiedade municipal. Pola súa parte, no mandato 2015-2019, un mes despois do citado acordo de novembro de 2016, a Xunta de Goberno local acordou declarar o 16 de decembro de 2016 a obra nova do aparcadoiro público da rúa do Olvido e establecer unha serie de directrices para regular o usos das instalacións e os custos de conservación e mantemento, decisión contra a que se presentaron alegacións que foron rexeitadas polo Goberno o 30-06-2017 e que acabou sen recorrida ante a xustiza polas comunidades dos edificios afectados mediante procedemento contencioso.

Posteriormente, o 19 de outubro de 2018, a mesma Xunta de Goberno acordou encomendar á empresa Tussa a posta a punto do aparcamento municipal, o realoxo provisorio dos propietarios de prazas privadas afectadas pola obra de Castrón Douro e a xestión directa deste aparcadoiro. Un informe técnico datado nesa época (11/10/2018) sinalaba que non existía impedimento técnico para a súa posta en servizo, aínda que era precisa a súa posta a punto, para o que se deberían asumir as tarefas de administración previa, entre elas a xestión do reparto de custos, que ata o momento viñan sufragando os aparcadoiros privados conectados e que xestionaba o administrador de fincas.

Seguindo un informe da Asesoría Xurídica municipal, o Goberno acorda por urxencia nunha Xunta de Goberno local do 9 de novembro de 2018 revogar as resolucións municipais impugnadas pola veciñanza en 2017, estimando parcialmente o recurso de reposición presentado e reiniciar o procedemento administrativo coa finalidade de que por medio dun título administrativo habilitante, con audiencia das persoas interesadas, se determinen as condicións do acceso polos usuarios dos aparcamentos privados a través do aparcadoiro público e, en concreto, a contribución daqueles usuarios e do Concello no financiamento dos gastos que sexan comúns así como as demais cuestións referidas ao pago e liquidación das cotas.

Con posterioridade a iso, o 5 de decembro de 2018, un Auto do Xulgado do

Contencioso estimaba o recoñecemento total das pretensións das comunidades que acceden aos seus garaxes a través do aparcadoiro público, o que veu a engadir un novo atranco á regularización deste aparcamento municipal, situación que tamén se veu agravada pola utilización de parte das prazas por veciños da rúa Castrón Douro que foron autorizados polo Concello por mor das obras levadas a cabo nesa rúa.

En definitiva e polo que sabemos a día de hoxe, a problemática e a situación complexa desta instalación continúa sen resolverse, razón pola que o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración da Corporación municipal o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a que active coa maior dilixencia os mecanismos necesarios para regularizar a situación do aparcamento municipal da praza Marcial Villamor Varela, dándolle unha solución ao problema xerado coas comunidades de propietarios para asumir os gastos de conservación e mantemento e procedendo a adxudicar as prazas dispoñibles no aparcadoiro municipal en función de criterios de proximidade e renda.”

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do BNG e de Compostela Aberta (8 PP, 2 BNG e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar ao correspondente órgano municipal a que active coa maior dilixencia os mecanismos necesarios para regularizar a situación do aparcamento municipal da praza Marcial Villamor Varela, dándolle unha solución ao problema xerado coas comunidades de propietarios para asumir os gastos de conservación e mantemento e procedendo a adxudicar as prazas dispoñibles no aparcadoiro municipal en función de criterios de proximidade e renda.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA COLABORAR NAS MELLORAS DE SEGURIDADE SANITARIA E VIARIA NO CEIP LÓPEZ FERREIRO.

Con data 15 de marzo do corrente ano, foi presentada a proposición que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a construción da dársena e o aparcadoiro de Xoán XXIII sobre terreos parcialmente expropiados do colexio López Ferreiro, as instalacións deste cento educativo veñen padecendo desde hai décadas unhas limitacións de espazo que, se ben non teñen impedido o desenvolvemento dunha meritoria traxectoria docente, nos últimos tempos -e coincidindo coa situación de pandemia- teñen adquirido unha especial gravidade, tal e como teñen feito constar ante o Concello en distintas ocasións os representantes desta comunidade educativa, sen que logran ningún compromiso nin solución por parte do Goberno local

A través dun amplo informe, que tamén nos fixeron chegar ao noso grupo, o Consello Escola e maila ANPA do CEIP López Ferreiro teñen expostas desde o mes de outubro

pasado as súas necesidades e proposto alternativas, graduando as súas prioridades e ponderando as solucións na procura de que o Concello poida contribuír a resolver as súas carencias.

As prioridades refírense a melloras na seguridade, tanto sanitaria como viaria, nos arredores destas instalacións.

En primeiro lugar, destacan como “moi urxente” a necesidade de pechar as pistas deportivas sobre a dársena que veñen empregando para os recreos e educación física, acompañada da apertura dos baños próximos á cafetería -pechados nos últimos meses e moi necesarios para a recomendada hixiene de mans- e a implantación de medidas de control, salubridade e hixiene neste ámbito, onde se acumulan cartóns e mesmo restos biolóxicos. En relación con estas pistas deportivas ao aire libre, propoñen a súa cubrición mediante unha estrutura compatible coas esixencias patrimoniais (citan o caso da cuberta peonil na propia Avenida) ou, cando menos, cunha carpa móbil provisional para resgardarse da choiva mentres dure o estado de emerxencia sanitaria, que impón unha amplitude de espazos para garantir o cumprimento dos protocolos de seguridade sanitaria, unha amplitude da que o centro carece.

En segundo lugar, os representantes da comunidade educativa inciden na necesidade a curto prazo de aumentar a seguridade viaria no contorno do colexio. Con este fin propoñen a instalación de bolardos e a elevación dos pasos de peóns da rúa Xasmíns para mellorar a accesibilidade, incluíndo o traslado dun paso existente nas proximidades da encrucillada coa Avenida de Coimbra uns metros máis arriba, para afastalo dunha perigosa zona de xiro; e a posibilidade de instalar algúns sistema disuasorio para controlar a velocidade nesa zona.

En relación coa Avenida de Xoán XXIII, tamén se reclama unha pequena reforma nos bolardos colocados no frontal da entrada, para que inclúan a protección do paso de peóns, así como a presenza da policía local en horarios de entrada e saída.

No documento que achega o Consello Escolar e a ANPA do CEIP López Ferreiro existen aínda outras demandas, pero estas que aquí apuntamos son as que poderían ser máis factibles e necesarias a curto prazo, polo que consideramos que, tendo en conta as posibilidades orzamentarias do Concello se poderían afrontar para, como se manifesta no propio informe do centro, ir saldando “unha débeda histórica e moral para con as e os alumnos deste centro escolar”.

En atención ao anterior, e sen menoscabo de ampliar o futuro as actuacións propostas, o Grupo Municipal Popular presenta para a consideración da Corporación municipal o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a que afronte coa maior celeridade posible as melloras de seguridade sanitaria e viaria propostas pola comunidade educativa do CEIP López Ferreiro, no relativo ao peche e cubrición das pistas deportivas na dársena de Xoán XXIII en coordinación coa Xunta de Galicia; a apertura dos baños públicos nesa zona coa súa desinfección diaria; a instalación de bolardos e adaptación dos pasos de peóns e control de velocidade na rúa dos Xasmíns; a reforma dos bolardos na Avenida Xoán XXIII e a vixilancia da policía local para

mellorar a seguridade nas entradas e saídas do alumnado.”

No transcurso do debate, auséntase por un breve espazo de tempo o señor alcalde.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, do BNG e de Compostela Aberta (8 PP, 2 BNG e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal a que afronte coa maior celeridade posible as melloras de seguridade sanitaria e viaria propostas pola comunidade educativa do CEIP López Ferreiro, no relativo ao peche e cubrición das pistas deportivas na dársena de Xoán XXIII en coordinación coa Xunta de Galicia; a apertura dos baños públicos nesa zona coa súa desinfección diaria; a instalación de bolardos e adaptación dos pasos de peóns e control de velocidade na rúa dos Xasmíns; a reforma dos bolardos na Avenida Xoán XXIII e a vixilancia da policía local para mellorar a seguridade nas entradas e saídas do alumnado.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO EQUIPAMENTO DOTACIONAL PARA CIDADE, SEDE DO IMELGA, SE REALICE CON CONSENSO VECIÑAL.

A presente proposición foi presentada con data 15 de marzo do corrente ano, e ten o contido que a seguir se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo procura que a construción dun novo equipamento dotacional para cidade, como é a nova sede do Imelga, se realice con consenso veciñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Instituto de Medicina Legal de Galicia (Imelga) é un órgano da Administración de Xustiza en Galicia, que ten por misión prestarlles asistencia técnica aos tribunais, fiscalías e xulgados en materia de medicina forense. Integrado polo persoal médico forense, así como por persoal técnico e auxiliar, ten como obxectivo a investigación medicolegal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. Tamén é importante a súa intervención no control periódico da evolución dos lesionados e a valoración dos danos corporais que sexan obxecto de actuacións procesuais, así como a asistencia e vixilancia facultativa das persoas detidas.

Ademais, as súas funcións comprenden o estudo e a emisión dos informes que lle sexan requiridos polas autoridades xudiciais e fiscais en todos os aspectos medicolegais. Tamén se encarga de emitir informes previstos na normativa sobre o Rexistro Civil sobre a idade ou sobre o sexo das persoas implicadas en expedientes gubernativos, sobre a causa da morte, etc.

A súa posta en funcionamento data do ano 2006 e ten a súa sede na nosa cidade, e xa desde aquel momento existiu a previsión de construír un edificio para albergar a súa sede central. Inicialmente a previsión urbanística de Santiago contemplaba a súa localización na parcela na que finalmente se construíron os novos xulgados no barrio das Fontiñas. En 2008, baralláronse novas ubicacións, ou máis próximas aos hospitais, ou mesmo no Polígono do Tambre, sendo ambas opcións desbotadas ao

manter a dirección do Imelga o seu interese en que o edificio estivera situado o máis próximo posible dos Xulgados no barrio das Fontiñas.

Chegados ao ano 2020, tanto Concello como Xunta de Galicia chegan ao acordo de cesión de parcela e posterior construción da sede do Imelga na parcela DOC16 situada xusto nas traseiras do Centro Sociocultural de Fontiñas e que desde o ano 2013 tense incorporado, de facto, á zona verde que constitúe o Parque Begoña Caamaño. Unha parcela que a Xunta de Galicia xa solicitou ao anterior goberno municipal, no 2017, para a construción dunha residencia da terceira idade. Naquela altura e para non reducir a zona verde do Parque, o goberno de Santiago propuxo a cesión doutra parcela tamén nas Fontiñas para a construción dunha residencia da que 4 anos despois aínda non existe nin proxecto construtivo aprobado.

Aínda que urbanisticamente é certo que a mencionada parcela é edificable e dotacional, desde hai case 8 anos está incorporada a unha zona verde situada na ladeira dunha vagoada arborada. É por isto que no barrio das Fontiñas existe unha crecente oposición á eliminación ou redución do Parque Begoña Caamaño, aínda máis cando existen outras alternativas posibles no mesmo barrio e tamén porque nin Xunta, nin Concello teñen establecido a máis mínima interlocución coa veciñanza.

Nas propias inmediacións dos xulgados existe unha parcela de maior tamaño que a que inicialmente tiña previsto o Concello para a construción do Imelga (IA-15) como é a a AS-4 na que a construción dun edificio podería, ademais, 'pechar' a esquina entre a rúa de Berlín e a rúa de Lisboa que desde hai 30 anos está perimetrada por un talude de pedra. Ademais desta, hai outras parcelas municipais nesta contorna das Fontiñas que poderían albergar este uso coma a parcela RE-4 ou na contorna do Peri do Vieiro.

O máis importante debe ser manter e ampliar a zona verde, e iso debería levar a iniciar os trámites para unha actualización da ordenación urbanística para adaptala á realidade, coa consolidación como zona verde da parcela DOC16 e a eliminación de viarios proxectados que actualmente carecen de sentido.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Denegar a petición da Xunta de Galicia para construír a nova sede do Imelga nesta parcela, sen contar co consenso da veciñanza da contorna inmediata no barrio das Fontiñas e estudar outras posibles localizacións que sexan igualmente funcionais mais que contén co apoio veciñal.
2. Iniciar o procedemento de revisión urbanística para consolidar como zona verde todo o conxunto do Parque Begoña Caamaño, actualizando a ordenación prevista no PXOM."

O Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do

Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Denegar a petición da Xunta de Galicia para construír a nova sede do Imelga nesta parcela, sen contar co consenso da veciñanza da contorna inmediata no barrio das Fontiñas e estudar outras posibles localizacións que sexan igualmente funcionais mais que contén co apoio veciñal.

2. Iniciar o procedemento de revisión urbanística para consolidar como zona verde todo o conxunto do Parque Begoña Caamaño, actualizando a ordenación prevista no PXOM.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas ditadas no período comprendido entre o día 12 de febreiro ata o 11 de marzo de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión extraordinaria e urxente 30/12/2020.

Sesión ordinaria 04/01/2021.

Sesión ordinaria 11/01/2021.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelación:

Presentada polo BNG, sobre o ensino público.

Rogos:

Presentado polo BNG sobre o vertedoiro en Altiboia.

Presentado polo BNG sobre a seguranza viaria en Castrón Douro.

Presentado polo BNG sobre a creación de liña de subvencións.

Presentado por CA actuacións no CEIP Mestre Rodríguez Xixirei.

Presentado por CA sobre contratación directa de grupos musicais locais.

Presentado por CA sobre a seguridade de traballadoras do servizo de axuda no fogar.

Presentado polo PP para implantar puntos limpos de recollida de residuos.

Presentado polo PP sobre pagamento con "VIA T" aparcadoiros e zonas Ora.

Preguntas resposta oral:

Presentada polo BNG sobre o uso da Casa das Máquinas.

Presentada polo BNG sobre o convenio colectivo dos/as traballadores/as de TUSSA.

Presentada por CA sobre os usos de instalacións deportivas.

Presentada polo BNG sobre construción centro IMELGA.

Presentada por CA sobre o pago axudas en programas de igualdade.

Presentada polo PP sobre a selección do director da banda de música.

Presentada polo PP sobre apoio á candidatura cidade creativa da Unesco.

Presentada polo PP sobre pancartas no espazo público.

Presentada por CA sobre o pacto local pola mobilidade.

Preguntas resposta escrita:

Presentada polo BNG sobre a situación da contorna de pistas polideportivas.
Presentada polo PP sobre o Colexio dos Irlandeses-Pazo de Ramirás.

Despois do debate do rogo presentado polo BNG sobre seguranza viaria en Castrón Douro, auséntase o señor alcalde e pasa a presidir a sesión o tenente de alcalde, señor Guinarte.

O alcalde volve a incorporarse á sesión durante o debate do rogo presentado polo PP para implantar puntos limpos de recollida de residuos.

Interrómpese a sesión cando son as 14:25 horas e volve a retomarse ás 16:00 horas, á que se incorporan a totalidade dos/as concelleiros/as, agás o señor interventor.

Auséntase durante o debate da pregunta oral presentada por Compostela Aberta sobre o pacto local da mobilidade o señor alcalde e pasa a presidir a sesión o tenente de alcalde, señor Guinarte.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

Os textos das mocións presentadas na presente sesión, son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN PARA IMPULSAR OS USOS CULTURAIS COA RECUPERACIÓN DA SALA IAGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a impulsar os usos culturais coa recuperación da Sala Iago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Pleno de febreiro de 2018 aprobou por unanimidade unha moción do BNG para recuperar a antiga Sala Iago para actividade cultural que, xa daquela, era un espazo infrautilizado e ruinoso e, conforme pasan os anos, está en peor situación polo que é necesario reiniciar as xestións coa familia propietaria para frear a súa deterioración.

Neste sentido, é necesario abrir unha nova vía de diálogo coa familia propietaria do inmóbel que non pode manter esta peza emblemática en plena Cidade histórica no seu estado actual de abandono. De feito, os paneis que se instaloron nos soportais da Sala Iago como protección non son a mellor maneira para un edificio histórico destas características e o Concello debería velar por cumprir o decoro urbanístico.

O BNG propuxera unha taxación independente para a súa adquisición por parte do Consorcio e o propio alcalde aludiu en xuño de 2019 á posibilidade de expropiación, para o que se comprometera a iniciar accións nas primeiras semanas deste mandato municipal.

Urxe que o Concello retome esta iniciativa para evitar que este inmóbel histórico siga a degradarse de xeito irreversible, cando o sector cultural está necesitado de espazos en Compostela. Tanto iniciativas privadas de artes escénicas, como cooperativas e o asociacionismo cultural precisan espazos para desenvolveren proxectos creativos e

artísticos.

O Concello de Santiago non pode permitir que a Sala Iago, situada na rúa do Vilar que foi unha das vías máis transitadas e cheas de vida da cidade pola actividade que xeraba, siga abandonada e perdendo valor porque este edificio é un ben cultural patrimonial que, cada ano que pasa, incrementa a súa deterioración. Ten que dar un paso, por responsabilidade, para evitar que este espazo da Sala Iago caia en mans especuladoras que contribúan ao declive da zona histórica e para iniciar unha nova etapa que contribúa a impulsar o tecido cultural.

A Sala Iago abriu como espazo cultural en 1946 e co declive dos cines renovouse en 1998 para converterse en 2002 en sede da compañía residente conformada por Títeres Cachirulo e Teatro Noroeste, co que gañou o 'Premio especial Max' da SGAE.

O proxecto deste espazo escénico foise consolidando neses cinco anos de programación. Porén, pese á calidade deste inmóbel, en menos de 20 anos acelerou a súa degradación.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da Corporación insta aos órganos de Goberno correspondentes a realizaren as xestións necesarias para reiniciar o diálogo coa familia propietaria da Sala Iago co obxectivo de recuperar este espazo como uso cultural, manter o seu decoro patrimonial e frear a súa deterioración.

MOCIÓN PARA A DOTACIÓN DE XULGADOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E FAMILIA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a dotación de Xulgados de Violencia de xénero e de Familia en Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2019 xa a Corporación compostelá asinara unha declaración institucional para a creación dun Xulgado específico sobre Violencia de xénero en Santiago de Compostela. Nese documento recollíase que a Lei integral contra a Violencia de xénero aprobada en 2004 tiña o propósito de garantir a especialización no tratamento da denuncias por violencia machista. Tamén o Pacto de Estado contra a Violencia de xénero sinala, na súa medida 122, a necesidade de "reforzar a especialización no ámbito procesual intermedio, xulgados do penal, que é o que atende un maior número de casos" de violencia machista. O propio pacto conmina a especializar "un ou varios en cada provincia para facilitar o coñecemento dos asuntos" de violencia de xénero.

Ao fío da información de que a Comisión mixta de Xustiza, en que participan a Xunta e o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG), non trasladou ao Ministerio de Xustiza a petición de crear novas salas xudiciais de Violencia de xénero e Familia, o Concello de Santiago de Compostela debe sumarse ás voces que demandan con

carácter inmediato a súa dotación.

De feito, o BNG xa solicitou a creación deste Xulgado de Violencia de xénero, tanto en Santiago de Compostela como noutras cidades do país, no acordo de investidura do Goberno español co PSOE e, con posterioridade ao ver que iso non se facía efectivo, presentou unha emenda nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 que foi votada en contra polo PSOE e por Podemos.

Segundo os últimos datos do Observatorio de Igualdade de Xénero que constan na programa municipal Territorio das Mulleres, o Partido xudicial de Compostela rexistrou 232 denuncias por violencia de xénero en 2016, 247 en 2015 e 244 en 2014, ademais de existir 79 ordes de protección en 2016, 71 en 2015 e 70 en 2014. Neste sentido, cómpre actualizar tamén estes datos do Observatorio de Igualdade de Xénero.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno da Corporación insta a Comisión mixta de Xustiza e aos órganos de Goberno correspondentes a realizaren as xestións necesarias para reclamar novas salas xudiciais de Violencia de xénero e Familia co obxectivo de axilizar os procedementos e de atender a demanda existente.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE GARANTA O EXERCICIO DO DEREITO Á INFORMACIÓN PARA A FUNCIÓN DE FISCALIZACIÓN E CONTROL DO GOBERNO POR PARTE DOS GRUPOS MUNICIPAIS DA OPOSICIÓN

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A transparencia, o acceso á información pública e as normas do bo goberno deben ser principios sobre os que pivote a acción política e de goberno de calquera administración pública. Neste sentido, aqueles países nos que existen maiores niveis de transparencia e nos que se aplican mellor as normas do bo goberno son os que contan con institucións públicas máis sólidas que favorecen o desenvolvemento social e económico e o avance das súas sociedades.

Estes principios aparecen recollidos no regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago, en varios dos seus artigos. Así, o artigo 14 establece o dereito das concelleiras e concelleiros da Corporación a obter información que estea no poder dos servizos municipais e sexa precisa para o desenvolvemento das súas funcións de control e fiscalización.

Artigo 14. Dereito á información administrativa

Na súa condición de membros da Corporación, os concelleiros e concelleiras teñen dereito a obter do Goberno e da Administración municipal os antecedentes, datos e

informacións que estean en poder dos servizos municipais e sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, nos termos establecidos na lexislación sobre o réxime local e sobre réxime xurídico das administracións públicas e o procedemento administrativo común e de acordo co establecido neste regulamento.

Así mesmo, na sección terceira do regulamento, que recolle o exercicio do dereito á información para a función de fiscalización e control, o artigo 18 indica o seguinte:

Artigo 18. Información para a función de fiscalización e control

1. No exercicio das funcións de control e fiscalización dos órganos de goberno, os concelleiros e concelleiras poderán solicitar a información que estea nos servizos municipais mediante escrito dirixido ao alcalde ou alcaldesa ou, se existise delegación expresa, ao órgano do Equipo de Goberno competente para a tramitación das peticións de información.

O escrito deberá concretar de forma precisa o obxecto da petición de información.

A resolución desta petición corresponderalle ao alcalde ou alcaldesa, sen prexuízo das delegacións que poida efectuar, e nela concretarase a forma de facilitar a información solicitada.

2. A solicitude de acceso entenderase admitida por silencio administrativo en caso de que non se dite e notifique resolución expresa denegatoria no prazo de cinco días naturais contados desde o seguinte ao da data da súa presentación no Rexistro do Pleno.

En caso de aceptación por silencio administrativo, os concelleiros e concelleiras poderán solicitarlle ao órgano competente para tramitar as peticións de información que lles indique a dependencia na que poden realizar a consulta.

En todo caso, a resolución denegatoria deberá ser motivada e conterá as razóns fundadas en dereito que impidan facilitar a información solicitada.

Non obstante, a información será facilitada polos servizos administrativos sen necesidade de autorización cando se trate de documentación de libre acceso para a cidadanía, así como de resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

No anterior mandato municipal, co obxectivo de axilizar este acceso á información e na procura dunha rápida atención das solicitudes realizadas polos grupos da oposición municipal, o alcalde decretou en Abril do 2016 -depois de telo acordado na xunta de portavoces- que as solicitudes foran enviadas directamente ás concelleiras e concelleiros delegados, así como ás persoas responsables de cada un dos servizos e departamentos municipais, ademais de acordar que a información debería ser facilitada dentro dos 5 días seguintes á súa solicitude.

Ao igual que noutras materias ou áreas de goberno, o procedemento do actual goberno supón un enorme retroceso ao respecto do establecido anteriormente. No caso do acceso á información e da resposta das solicitudes da oposición o procedemento do actual goberno implica que non se responda en tempo e forma, que os grupos municipais teñan que facer reiteradas repeticións das solicitudes de

información, descoñecemento dos responsables técnicos das solicitudes feitas e, a maioría das veces continuos atrasos, incluso de meses para poder acceder á información solicitada, ou mesmo que finalmente no se facilite ese acceso.

Un procedemento que se traduce no entorpecemento da labor de control e fiscalización da acción de goberno dos grupos municipais e que volve a colocar un manto de opacidade sobre o goberno local de Santiago de Compostela.

Por exemplo, no ano 2020 Compostela Aberta formulou 21 preguntas para a súa resposta por escrito. Delas, só sete foron respondidas dentro do prazo dun mes que prevé o regulamento.

As outras 14 foron respondidas superando nalgúns casos moi amplamente ese prazo, mesmo chegando a dobralo. Do mesmo xeito, as solicitudes de información nunca son atendidas coa premura que sería desexable para que a oposición desenvolva o seu labor, e é habitual que as solicitudes teñan que ser reiteradas para a súa resolución.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao goberno local a garantir o exercicio do dereito á información para a función de fiscalización e control por parte dos grupos municipais da oposición, restaurando os mecanismos de resposta ás solicitudes de acceso a información e transparencia vixentes no mandato municipal anterior.

MOCIÓN PARA A AXILIZACIÓN DAS LICENZAS PARA A INSTALACIÓN DE INTERNET NO RURAL COMPOSTELÁN

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a axilización da implantación de internet no rural compostelán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para reducir a fenda dixital e favorecer a igualdade de oportunidades, faise necesario promover a extensión de internet de alta velocidade a todos os núcleos de poboación, con especial atención á zona rural, ademais de facer seguimento dos convenios coas operadoras. Isto é un factor fundamental para a vertebración territorial e evitar o despoboamento no rural.

De feito, coa pandemia da covid-19 as dificultades agraváronse nos lugares con baixa ou nula conexión a internet, especialmente nas parroquias do rural, para poder seguir as aulas dixitais e os requirimentos derivados do teletraballo durante o período de confinamento decretado no Estado de Alarma e de emerxencia sanitaria.

Coa posta en marcha da administración electrónica e de diversos servizos *online* de empresas que se implementaron a raíz da pandemia, de continuar a carencia do servizo de internet en determinados núcleos de Santiago estase a agravar a fenda dixital e a discriminación entre residentes nunhas zonas ou noutras.

Xa en outubro de 2020, o BNG trasladou unha pregunta ao Pleno, con motivo do Día das Mulleres Rurais, para coñecer se se produciran avances do Pacto polo Rural e, en concreto, as previsións do Goberno local para xestionar coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galiza (AMTEGA) e coas operadoras de internet a dotación do servizo de internet, que debera ter carácter universal, nos núcleos que carecen de alta velocidade. O BNG solicitaba información, daquela, sobre os criterios que se utilizan para priorizar a instalación en determinados núcleos e se teñen en conta propostas das asociacións veciñais e da Federación de Asociacións Veciñais do Rural de Santiago (FERUSA).

Daquela, explicábase que no documento do Pacto polo Rural, impulsado por FERUSA e asinado por todos os grupos municipais, se inclúe un apartado sobre 'Información, comunicación e participación' co fin de evitar a incomunicación e illamento do rural e, en concreto, refírese a xestionar con carácter inmediato o acceso a internet, segundo as prioridades consensuadas coas asociacións veciñais das distintas parroquias.

Por parte da Xunta, o Plan de Banda Larga de Galiza 2010-2013 ía destinado a posibilitar o acceso a toda a sociedade galega, como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galiza. Con posterioridade, a AMTEGA anunciaba o Plan de Banda Larga 2020, aprobado o día 1 de outubro de 2015 en Consello de Xunta, asumindo os obxectivos establecidos na Axenda Dixital para Europa, garantindo unha cobertura de banda larga, de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. Pasado o tempo, pódese comprobar que todo quedou nun plan sen materializar en moitos puntos do país e, en concreto, no que afecta ao rural e á Cidade histórica de Compostela.

Ante a Estratexia Galiza Dixital 2030, no que ademais de falar dunha Galiza conectada, de intelixencia artificial e de ciberseguridade, desde a Xunta incidiuse na necesidade da conectividade dixital, para ter o 100% de cobertura con redes de 100 Mbps en 2025 e conseguir unha Galiza máis integrada e conectada.

A realidade é que na actualidade, a cobertura por ADSL en Galiza é igual ou maior a 2 Mbps- no 70,02% fronte a media estatal 89,64%, o que se sitúa no último posto do Estado español. A cobertura por ADSL igual ou maior a 10 Mbps- 52,71% en Galiza, cando a media estatal está en 71,56%, con Galiza tamén no último posto do Estado español.

O BNG conseguiu en decembro de 2020 un acordo parlamentar para instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do Estado para que estableza os mecanismos económicos e legais para que na Galiza rural exista unha cobertura de TDT, de conexión móbil e de conexión a internet con banda larga que non estableza diferenzas entre as persoas, empresas ou particulares polo lugar en que vivan, máxime cando haberá fondos europeos para o período 2021-2027 que permitirán este impulso. Ademais, o acordo inclúe que o Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar os mecanismos, en colaboración co Goberno do Estado para non deixar Galiza atrás no reparto dos fondos europeos e na súa aplicación no rural.

A cobertura por FTTH (Fiber to the home)- 50,30% en Galiza, fronte o 80,36% na media estatal, con Galiza no último posto do Estado español. Atendendo á cobertura por velocidade igual ou maior a 100Mbps- Galiza conta co 66,12%, a media estatal sitúase no 83,57%, estamos á cola do Estado só por diante de Extremadura.

Tendo coñecemento de que existen 43 núcleos rurais que non se recollen na proposta para implantar internet nas aldeas de Compostela e de que existen unha serie de solicitudes de permiso para actuacións necesarias para desenvolver a fibra óptica no territorio municipal, que foron denegadas ou están pendentes de resolución, resulta imprescindible unha actuación decidida por parte do Goberno local para acelerar este proceso.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Pleno insta os correspondentes órganos de Goberno a adoptar as medidas necesarias para axilizar as licenzas necesarias co obxectivo de facilitar a instalación de internet no rural compostelán.

2.- O Pleno insta os correspondentes órganos de Goberno a que se inclúan os 43 núcleos rurais que non aparecen na proposta, co fin de non perder os fondos europeos destinados a este obxectivo para a instalación de internet de alta velocidade nestes emprazamentos.

3.- O Pleno insta o Goberno local a anunciar un prazo para a instalación de internet de alta velocidade na Cidade histórica e no rural compostelán.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE ELABORE UN PLAN MUNICIPAL DE ACCESIBILIDADE QUE RECOLLA AS DEMANDAS DOS COLECTIVOS DE MULLERES E DISCAPACIDADE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A necesidade de incorporar criterios de deseño e xestión urbana con temas relacionados cos coidados, a saúde, a seguridade, son dimensións que preocupan de modo específico ás mulleres con discapacidade. O Observatorio Estatal da Discapacidade publicou un estudo no que perfilou o impacto do xénero na accesibilidade. Este estudo é unha ferramenta útil de cara á configuración das actuacións dos poderes públicos, polo que desde o espazo municipal debemos contemplar certos criterios básicos que recolle na súa conclusión para lograr unha incorporación da perspectiva de xénero máis produtiva como son:

a integralidade, que posibilita transcender accións puntuais para desenvolver unha verdadeira política de igualdade de oportunidades entre os xéneros.

as accións afirmativas, tamén chamadas correctivas, son unha potente ferramenta que teñen coma obxectivo superar situacións de discriminación e desigualdade das mulleres respecto das súas necesidades e dereitos, atendendo e proirizando as mesmas.

a formación, dirixida aos distintos niveis e especialidades técnicas, máis subliñando un interese especial pola formación continua do persoal técnico encargado da planificación e deseño de espazos, servizos e recursos, da información e comunicación.

a transversalidade, a problemática das mulleres non é unha dependencia específica, polo que debemos implicar todas as áreas de xestión e axentes para non segregala e illala. As áreas dedicadas á políticas de igualdade son imprescindibles para pilotar unha transversalidade real.

a coordinación, en todos os niveis e co obxectivo de potenciar as capacidades institucionais e optimizar os recursos dispoñibles. Destácase a importancia da coordinación estreita con persoas representantes dos movementos sociais e especialistas na materia.

a incorporación ás institucións da perspectiva de xénero e dos dereitos das mulleres con discapacidade nas normativas e estruturas de goberno permitindo a sostenibilidade no tempo dependente de asignacións orzamentarias estables para garantir o seu funcionamento continuado.

Camiñar polas rúas iradas, acceder a edificios con barreiras, escoitar as comunicacións institucionais, evitar escaleiras, desprazarnos por lugares deficitariamente iluminados, atopar ascensores ben agochados en edificios de uso público, subir e baixar costas e rampas imposibles para persoas con diversidade funcional (non só con cadeiras de rodas, senón con bastóns, muletas ou sen elas...), arrodear con medo a caer para evitar os numerosos peches dos parques por motivos climatolóxicos, evitar os desvíos por obras que non teñen en conta nas alternativas a calidade de acceso alternativo para numerosos colectivos diversos... Estas e outras situacións forman parte da realidade diaria que conleva superar numerosas dificultades na experiencia diaria das mulleres con diversidade nos espazos públicos da nosa cidade. Temos unha cuestión pendente.

Recoñecemos as abordaxes municipais que serviron para superar certas situacións de exclusión. Agora percibimos que é preciso afondar e aplicar unha metodoloxía participativa, tal como aconsella o *Manifesto das Mulleres e Nenas con Discapacidade en Europa*, para provocar unha aplicación correcta de políticas públicas vencelladas á accesibilidade. Nesta moción traemos a debate a mirada das mulleres diversas, mulleres que queren sumar nas políticas públicas como suxeitos activos e provocar novas respostas ás necesidades derivadas das desigualdades que aínda non asumiron na planificación de distintas áreas municipais, por entender que os colectivos de mulleres aténdenos de forma específica na área de igualdade e os colectivos de persoas con diversidade funcional teñen o seu espazo nos servizos sociais municipais.

As mulleres con discapacidades queremos que se nos teña en conta sobre a construción dos espazos, bens e servizos -temos demandas sobre as obras, con ópticas diversas ás das asociacións veciñais, tamén temos opinións diversas dos mantementos asociados aos centros educativos, socioculturais e deportivos, o transporte-; máis non só estamos interesadas na visión reducida da accesibilidade ao material, senón que demandamos que se nos teña en conta para considerar os cambios nas formas de información e comunicación da cidade, as políticas culturais, medioambientais e xuventude, entre outras; superando a antiga visión das mulleres

discapacitadas como obxectos de coidado. Hoxe reivindicámonos como suxeitos activos na construción da cidade, e tamén acreditamos no dereito á cidade como un dereito común, non individual, un dereito que exercemos en comunidade.

Desde o Grupo Municipal de Compostela Aberta demandamos unha Compostela inclusiva, moito máis inclusiva e igualitaria que a actual, e acreditamos que desde a institución municipal é preciso afondar na observación das posibilidades da vida cotián das mulleres con diversidades funcionais.

Queremos debater sobre a necesidade de desenvolver unha diagnose que nos escoite e axude no recoñecemento das eivas e na toma de decisións de abordaxes secuencializadas para subverter as desigualdades en tempo real non demorado.

Queremos apuntar a necesidade de políticas transversais, debemos observar melloras nas posibilidades da vida cotián e para conseguilo, analizar e considerar solucións agregadas, que valoren e integren os cruzamentos traídos polos colectivos anteditos para mellorar e renovar a mirada sobre a xestión da cidade real no material e no simbólico máis igualitaria.

As demandas da accesibilidade que presenta esta moción reflexionan sobre a construción dos espazos e o transporte, pero inclúen outras relacionadas con bens, servizos, con formas de información e comunicación, que son necesarias para que o Concello de Santiago incorpore unha mirada interseccional desde a discapacidade e o xénero para superar as desigualdades que sofre o colectivo de mulleres con diversidades funcionais.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Redactar un Plan de accesibilidade para o Concello que asuma de forma urxente a elaboración dun mapa en colaboración cos colectivos de mulleres con diversidades funcionais co obxectivo de recoñecer, avaliar e abordar de forma conxunta e planificada a mellora da accesibilidade con enfoque de xénero e discapacidade na cidade.
2. Asumir de forma prioritaria as necesidades urxentes de accesibilidade derivadas do anterior proceso acordando cos colectivos de mulleres e colectivos de persoas con diversidades funcionais a secuenciación dos mesmos.
3. Mellorar a sinalética inclusiva a través de abordaxes no espazo público derivada do anterior mapeo colaborativo cos colectivos.
4. Que o Pleno da Corporación municipal sexa accesible a través da linguaxe de signos.
5. Incrementar o apoio á formación organizada polos colectivos para sensibilizar contra as violencias que sofren as mulleres con diversidades funcionais, entre outros temas de interese especialmente de actualidade pola muda derivada do efecto pandémico.

6. Integrar regularmente na programación cultural distintas manifestacións da cultura da diversidade para acelerar o proceso de inclusión das/os creadores e das/os espectadores pertencentes a colectivos con diversidade funcionais, e implementalo de forma cruzada co proceso activo cara a paridade de xénero, nas programacións de acción cultural e de festas municipais.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE ESTABLEZAN OS PERTINENTES MECANISMOS DE DIÁLOGO COAS E COS TRABALLADORES DA EMPRESA MUNICIPAL TUSSA E A SÚA REPRESENTACIÓN SINDICAL

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estación intermodal de Santiago será unha realidade en breve, a pesar dos ríos de tinta que se levan verquido sobre esta infraestrutura tan necesaria. Levamos vinte anos falando da Intermodal, pero non foi ata xuño de 2016 cando se sentaron as bases para que Compostela teña a ansiada estación, coa sinatura dun convenio entre a ministra Ana Pastor, o alcalde Martiño Noriega e a conselleira Ethel Vázquez.

A primeira peza que empezará a funcionar vai ser, precisamente, a nova estación de autobuses, que segundo as propias palabras do alcalde poderá facelo xa na primeira quincena de maio. A posta en funcionamento desta terminal supón varias modificacións e transformacións en toda a cidade, tanto do punto de vista urbanístico como do punto de vista dos servizos que veñen funcionando asociados á vella terminal e que agora deberán ter a súa base na nova.

Un destes servizos que deberá mudar a súa localización é precisamente a sede da empresa municipal de transporte e mobilidade TUSSA, que actualmente está situada na terminal de autobuses en San Caetano. A pesar de faltar só dous meses para o inminente traslado, nada se sabe sobre a planificación e os planos que o goberno municipal ten ao respecto. Nin teñen coñecemento os grupos municipais nin, o que é peor, teñen coñecemento as e os propios traballadores de TUSSA.

A falta de interlocución coa representación das e dos traballadores dos servizos municipais vén sendo unha constante do actual goberno local de Santiago. Non existe interlocución co persoal das concesionarias coa excusa, precisamente, de que non son traballadoras ou traballadores municipais, a pesar de seren quen ofrece moitos dos servizos públicos municipais. E agora nun salto cualitativo nesta estratexia da falta de diálogo, xa nin se ten en conta tampouco aos Comités e representación de traballadoras e traballadores do propio Concello, neste caso dunha empresa municipal.

Desde xuño do ano pasado, o Comité de Empresa de TUSSA ven solicitando establecer unha interlocución e diálogo, que foi reiterado a finais de febreiro, sen que exista unha resposta ou reacción nin por parte do alcalde nin do concelleiro delegado na materia. Nin existe unha resposta, nin se ofrecen as mínimas informacións ás que o Concello e TUSSA están obrigados por Lei.

Nada se sabe de como se vai reorganizar o servizo coa importante mudanza que está a punto de chegar, nada se sabe do acondicionamento dos novos locais de traballo, nada se sabe da negociación do novo convenio colectivo (que xa estaba enormemente avanzado en maio de 2019), nada se sabe da subida salarial do ano 2020 que seguen sen cobrar, nada se sabe da reestruturación do servizo de guindastre e das súas quendas de traballo e nada se sabe sobre a confirmación -por parte da empresa- do Comité de Saúde Laboral ou da avaliación de riscos psicosociais no servizo de guindastre.

Estamos, polo tanto, diante dunha auténtica desprotección das e dos traballadores dunha empresa pública, na que é a propia administración municipal quen está a vulnerar os seus dereitos ao non dar a cara e non establecer o necesario diálogo social para o correcto funcionamento do servizo.

Por todo isto, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao Gobe local a establecer un diálogo e acordo inmediato co Comité de empresa de TUSSA, co obxectivo de resolver todos os temas pendentes e dando máxima prioridade á reorganización do servizo e reubicación provocada polo traslado á nova estación de autobuses.
2. Instar á Xunta de Galicia para garantir o acondicionamento de espazos de traballo dignos e correctamente habilitados para o persoal da empresa municipal TUSSA, no remate das obras da nova terminal de autobuses

MOCIÓN PARA LEVAR A CABO DISTINTAS MELLORAS NO CEIP DE ROXOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de Roxos ven demandando distintas actuacións de mellora nas súas instalacións, necesitadas dunha posta ao día despois de transcorridas catro décadas desde a súa entrada en servizo.

Unha das necesidades máis destacadas refírese á dotación dun novo patio cuberto, posto que o espazo do anterior foi ocupado hai uns anos para a construción de tres novas aulas. Iso fai que na actualidade preto dun cento de escolares teñan que transitar á intemperie para acceder ao comedor ou permanecer durante os recreos nas aulas ou nos corredores do centro os días de chuvia, cos coñecidos prexuízos que iso conleva nestes difíciles tempos de pandemia.

A esta demanda dun patio cuberto engádense outras, como a adecuación de espazos comúns deteriorados ou obsoletos, como os baños; a mellora do asfalto do patio traseiro ou o acondicionamento e ampliación do parque infantil, que se podería agrandar cun terreo municipal anexo, para uso e disfrute tamén da veciñanza das

vivendas máis próximas.

Estas necesidades foron dadas a coñecer publicamente en varias ocasións e tamén se lle fixeron chegar directamente polos interesados aos responsables do Goberno municipal. Concretamente o actual alcalde e membros do seu equipo comprometeron en maio de 2019, entre outras cuestións, a ampliación da parcela do centro e unha nova cuberta para o patio, nunha xuntanza que mantiveron coa ANPA, cuestión que a propia ANPA lle reiterou a finais do pasado ano, sen que ata o de agora obtiveran unha resposta satisfactoria ás súas xustas demandas.

En relación co sinalado, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local, e en coordinación coa comunidade educativa do Centro, se redacte e execute un proxecto para a construción dun patio cuberto que sirva de espazo de xogo e de lecer, facilitando o acceso ao comedor a salvo das inclemencias do tempo; e que se contemple igualmente a mellora dos baños, do asfalto do patio traseiro e o acondicionamento e ampliación do parque infantil existente, para que poida dar servizo tamén á veciñanza máis próxima.

Reincorporase á sesión o señor alcalde durante o debate da primeira moción a tratar.

Auséntase novamente o señor alcalde no transcurso do debate da moción presentada por Compostela Aberta sobre o plan municipal de accesibilidade, e pasa a ser presidida a sesión polo tenente de alcalde, señor Guinarte.

Volve a incorporarse á sesión o señor alcalde no debate da moción, tamén de Compostela Aberta sobre a empresa municipal TUSSA.

Con respecto á moción presentada polo BNG para impulsar os usos culturais coa recuperación da Sala Iago, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar aos órganos de goberno correspondentes a realizaren as xestións necesarias para reiniciar o diálogo coa familia propietaria da Sala Iago co obxectivo de recuperar este espazo como uso cultural, manter o seu decoro patrimonial e frear a súa deterioración.

No tocante á moción presentada polo BNG para a dotación de xulgados de violencia de xénero e familia, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (2 BNG, 5 CA e 10 PSdeG-PSOE), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar a Comisión mixta de Xustiza e aos órganos de Goberno correspondentes a realizaren as xestións necesarias para reclamar novas salas xudiciais de Violencia de xénero e Familia co obxectivo de axilizar os procedementos e de atender a demanda existente.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para que se garanta o dereito á información para a función de fiscalización e control do goberno por parte dos grupos da oposición, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos

concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a garantir o exercicio do dereito á información para a función de fiscalización e control por parte dos grupos municipais da oposición, restaurando os mecanismos de resposta ás solicitudes de acceso a información e transparencia vixentes no mandato municipal anterior.

Con respecto a moción do BNG para a axilización de licenzas para a instalación de internet no rural, o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda instar:

- 1.- Aos correspondentes órganos de goberno a adoptar as medidas necesarias para axilizar as licenzas necesarias co obxectivo de facilitar a instalación de internet no rural compostelán.
- 2.- Aos correspondentes órganos de goberno a que se inclúan os 43 núcleos rurais que non aparecen na proposta, co fin de non perder os fondos europeos destinados a este obxectivo para a instalación de internet de alta velocidade nestes emprazamentos.
- 3.- Ao goberno local a anunciar un prazo para a instalación de internet de alta velocidade na Cidade histórica e no rural compostelán.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para que se elabore un plan de accesibilidade que recolla as demandas dos colectivos de mulleres e de discapacidade, o Pleno da Corporación por 16 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 9 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a:

1. Redactar un Plan de accesibilidade para o Concello que asuma de forma urxente a elaboración dun mapa en colaboración cos colectivos de mulleres con diversidades funcionais co obxectivo de recoñecer, avaliar e abordar de forma conxunta e planificada a mellora da accesibilidade con enfoque de xénero e discapacidade na cidade.
2. Asumir de forma prioritaria as necesidades urxentes de accesibilidade derivadas do anterior proceso acordando cos colectivos de mulleres e colectivos de persoas con diversidades funcionais a secuenciación dos mesmos.
3. Mellorar a sinalética inclusiva a través de abordaxes no espazo público derivada do anterior mapeo colaborativo cos colectivos.
4. Que o Pleno da Corporación municipal sexa accesible a través da linguaxe de signos.
5. Incrementar o apoio á formación organizada polos colectivos para sensibilizar contra as violencias que sofren as mulleres con diversidades funcionais, entre outros temas de interese especialmente de actualidade pola muda derivada do efecto pandémico.
6. Integrar regularmente na programación cultural distintas manifestacións da cultura da diversidade para acelerar o proceso de inclusión das/os creadores e das/os

espectadores pertencentes a colectivos con diversidade funcional, e implementalo de forma cruzada co proceso activo cara a paridade de xénero, nas programacións de acción cultural e de festas municipais.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para que se establezan os pertinentes mecanismos de diálogo coas e cos traballadores da empresa municipal TUSSA e a súa representación sindical, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e que tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao goberno local a:

1. Establecer un diálogo e acordo inmediato co Comité de empresa de TUSSA, co obxectivo de resolver todos os temas pendentes e dando máxima prioridade á reorganización do servizo e reubicación provocada polo traslado á nova estación de autobuses.

2. Garantir o acondicionamento de espazos de traballo dignos e correctamente habilitados para o persoal da empresa municipal TUSSA.

E por último na moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular para levar a cabo distintas melloras no CEIP de Roxos, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que por parte do correspondente órgano do goberno local, e en coordinación coa comunidade educativa do Centro, se redacte e execute un proxecto para a construción dun patio cuberto que sirva de espazo de xogo e de lecer, facilitando o acceso ao comedor a salvo das inclemencias do tempo; e que se contemple igualmente a mellora dos baños, do asfalto do patio traseiro e o acondicionamento e ampliación do parque infantil existente, para que poida dar servizo tamén á veciñanza máis próxima.

Remata a sesión ás 19:03 horas. Dou fe.